

Xosé Luís Pastoriza Rozas

# O PODER SOLIDARIO DO LOCAL

A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA PARA  
O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA







**O PODER SOLIDARIO DO LOCAL  
A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA  
PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA**

*A realización deste estudo foi financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.*



*1ª edición, 1ª impresión, 2021.*

Xosé Luís Pastoriza Rozas, 2021

Coordinadora Galega de ONGD [www.galiciasolidaria.org](http://www.galiciasolidaria.org)

Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)

Ilustración páxina 49: Pancho Lapeña

EDICIÓN NON VENAL

Depósito legal: V6 226-2021

As opinións expresadas nesta publicación son responsabilidade exclusiva do autor e non reflicten necesariamente as da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ou Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.



Este traballo está baixo unha licenza de Creative Commons.

Recoñecemento - Non Comercial - Compartir Igual 4.0 Internacional.

Prohibida a súa venda.

**Xosé Luís Pastoriza Rozas**

# **O PODER SOLIDARIO DO LOCAL**

**A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA  
PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA**





Ti dis: Galicia é moi pequena. Eu digo: Galicia é un mundo. *Cada terra é coma se fose o mundo enteiro.* Poderás percorrela en pouco tempo de norte a sur e de leste a oeste, poderás volver percorrela unha e outra vez, non conseguirás andala de todo. E cada vez que a percorras atoparás novas cousas. Pode ser ela pequena en extensión pero en fondura, en entidade, é tan grande como queiras.

VICENTE RISCO. *Leria*

O *dereito a ter dereitos*, ou o dereito de cada individuo a pertencer á humanidade, debería estar garantido pola humanidade mesma.

HANNAH ARENDT. *Los orígenes del totalitarismo*

O *altruísmo, a xenerosidade, a solidariedade e o civismo* non son como mercadorías que diminúen co uso. Son como músculos que se desenvolven e fortalecen co exercicio. Un dos defectos dunha sociedade dirixida polo mercado é que fai que estas virtudes esmorezan. Para renovar a nosa vida pública necesitamos practicalas con máis enerxía.

MICHAEL J. SANDEL. *Lo que el dinero no puede comprar.*  
*Los límites morales del mercado*





# O PODER SOLIDARIO DO LOCAL



## LIMIAR

A comezos dos anos 90 do pasado século nacía a política pública de cooperación internacional para o desenvolvemento en Galicia como expresión do compromiso solidario da cidadanía galega cos países empobrecidos. En 1991 fundábase a Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD). Un ano máis tarde asinábase o primeiro convenio de colaboración entre a Axencia Española de Cooperación Internacional e a Xunta de Galicia, e no 1997 constituíase o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fondo Galego) a iniciativa de dez concellos galegos co apoio do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI). Non obstante, xa antes desta institucionalización, o poder local galego amosara un activo compromiso solidario no apoio a causas sociais internacionalistas e na resposta a crises humanitarias como a situación do pobo saharauí, os estragos do furacán Mitch, o xenocidio ruandés e a crise de persoas refuxiadas nos Grandes Lagos, etc.

Nestas case tres décadas de historia, o sistema galego de cooperación foise configurando de vagar dotándose dun marco normativo e de diversos documentos estratéxicos de referencia como os Plans estratéxicos do Fondo Galego ou os Plans Directores da Cooperación Galega da Xunta de Galicia. Ao tempo, xeráronse capacidades institucionais, mobilizouse a sociedade civil,

persoal das administracións públicas e cargos públicos, creouse conciencia solidaria pola xustiza global nas entidades locais, e superáronse numerosos atrancos e ameazas como a alongada crise económica, financeira e fiscal da última década. No horizonte deste traballo colectivo estivo sempre presente a esperanza e a ilusión pola construción en man común desde o local dun mundo liberado da pobreza extrema e as desigualdades, comprometido na loita contra o cambio climático e en que se realizan eficaz e plenamente os dereitos humanos, a xustiza social e ecolóxica e o desenvolvemento humano sustentable.

Neste proceso o Fondo Galego e a CGONGD traballaron activamente co fin de promover, impulsar e fortalecer a política pública de cooperación local para o desenvolvemento en Galicia a través de actividades conxuntas de sensibilización, formación, incidencia e investigación. Este espírito de colaboración motivou que en 2018 se acordase a elaboración dun estudo sobre a cooperación local para o desenvolvemento que actualizase o *Informe Zero sobre a cooperación municipalista en Galicia*, realizado en 2009 polo Fondo Galego e onde se daba a coñecer a primeira análise polo miúdo da realidade do compromiso solidario internacional das entidades locais galegas (Fondo Galego, 2009). Xa que logo, no horizonte do trinta aniversario da política pública de cooperación en Galicia, o Fondo Galego e a CGONGD presentan este estudo con tres obxectivos:

- Diagnosticar a realidade da cooperación para o desenvolvemento realizada polos concellos e deputacións galegos.
- Identificar boas prácticas e experiencias de compromiso coa xustiza global por parte dos concellos e deputacións galegos.
- Presentar propostas e recomendacións para o fortalecemento e mellora da cooperación municipalista galega.

No primeiro capítulo trázanse as transformacións do noso planeta global e local e como a axenda global de desenvolvemento, actualmente consensuada arredor da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas, afecta aos diferentes territorios nun mundo interdependente. No segundo capítulo, reflexiónase sobre a orixe, modelos, fortalezas, debilidades, límites e imaxinario da cooperación local para o desenvolvemento. Ao tempo, descríbese o proceso de construción da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable desde o local e como se pode xerar unha renovada e inédita política pública de cooperación municipalista. O terceiro capítulo analiza a evolución da cooperación local para o desenvolvemento en Galicia e os elementos nucleares que deben artellar unha nova axenda galega de cooperación municipalista para a transformación social. O capítulo cuarto debulla nove estudos de caso sobre a cooperación municipalista en Galicia. Finalmente, no capítulo quinto sinálanse consellos e débúxanse itinerarios para unha política pública de cooperación municipalista de valor engadido para aqueles concellos e deputacións que opten por seren SMART: Solidarios, Mobilizadores, Activistas, Responsables, Transparentes.

Tratamos, en definitiva, de ofrecer esperanza, inéditos viables e un espazo de imaxinación e construción colectiva para que os gobernos locais galegos poidan ofrecer o mellor de si mesmos ante os retos e desafíos globais. Coidamos que os tempos son chegados para erguer novas pontes e alianzas entre os nosos concellos e deputacións con aquelas persoas, comunidades, organizacións da sociedade civil e institucións dos países empobrecidos que queren poñer en marcha políticas públicas favorecedoras da vida. Unha vida natural, harmónica e respectuosa co medio ambiente; e unha vida humana digna con oportunidades individuais e colectivas de benestar e realización. Por este motivo, realizamos toda unha serie de suxestións para construír desde o poder local

tempos, espazos e políticas que favorezan un proxecto colectivo galego a prol da xustiza global.

Tamén, queremos expresar o noso recoñecemento e gratitude a todas as persoas e institucións que colaboraron na realización desta investigación, e á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia que a financiou. Mais este recoñecemento e gratitude tamén se estende a todas as persoas, cargos públicos, persoal da administración local e organizacións sociais que veñen cultivando a humanidade desde o local a través dun rexo compromiso coas mellores virtudes do ser humano: o altruísmo, a xenerosidade, a solidariedade e o civismo. A súa perseveranza e exemplaridade ao longo destes anos inspíranos e motívanos a seguir teimando e confiando no poder solidario do local e na súa capacidade para transformar o noso mundo e construír un futuro en común.

Nesta historia compartida no pasado e no presente atopámonos con numerosas persoas e institucións que se preocupan polo estado do planeta, o benestar das persoas e a vida dos animais. Unha inqueda que nace das súas conviccións e dos seus valores, crendo firmemente que a vida de todas as persoas é valiosa, que temos o deber de contribuír ao seu ben e felicidade e que o maior legado que podemos ofrecer á Humanidade é mellorar o mundo que habitamos e conservar o planeta que herdamos. Con elas tamén compartimos o desacougo, o malestar e a indignación que nos provocan a pobreza, as desigualdades, a fame, a exclusión, a marxinação, a destrución dos ecosistemas, a contaminación e o cambio climático, as múltiples discriminacións de que son obxecto moitas persoas e colectivos, os modelos insustentables de produción e consumo, o individualismo, a indiferenza e a falta de esperanza.

Por último, agardamos con sinceridade que este estudo sirva para reforzar o noso acompañamento aos concellos e deputacións

que apostaron pola cooperación municipalista e que sirva para espreguizar as enerxías solidarias internacionais da nosa sociedade civil, administración local, partidos políticos e cargos públicos. Porque nesta causa común pola xustiza global hai sitio para todos e todas.



## ABREVIATURAS EMPREGADAS

- AOD: Axuda Oficial ao Desenvolvemento  
CGLU: Cidades e Gobernos Locais Unidos  
CGONGD: Coordinadora Galega de ONGD  
CONGACODE: Consello Galego de Cooperación para  
o Desenvolvemento  
CRME: Consello de Rexións e Municipios de Europa  
FEMP: Federación Española de Municipios e Provincias  
FEGAMP: Federación Galega de Municipios e Provincias  
FONDO GALEGO: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade  
IGADI: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional  
LrBRL: Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local  
LRSAL: Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade  
da Administración Local  
MUSOL: Municipalistas pola Solidariedade  
OMS: Organización Mundial da Saúde  
NAU: Nova Axenda Urbana  
ODM: Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio  
ODS: Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable

## OS SAPIENS SABIOS. A POBREZA NON É PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Ao longo da historia, a nosa especie ten amosado un talento especial para engaiolarnos e fascinarnos ou facerse aborrecible. A especie *Homo sapiens* non nos deixa indiferentes: ou fainos mi-sántropos ou vólvenos filántropos. Neste balance entre o odio e o amor polo xénero humano podemos situarnos na comprensión de quen somos, como convivimos e como construímos un futuro en común para as xeracións presentes e as que están por chegar, mais sen perder de vista a complexidade das transformacións planetarias, a radical vulnerabilidade humana e ecolóxica, e a común interdependencia de persoas, comunidades e Estados e destes coa Terra local e global.

No mercado das ideas compiten na actualidade posicións optimistas respecto do noso presente e futuro, como as de Hans Rosling (Rosling, 2018) ou Steven Pinker (Pinker, 2018) e pesimistas como a de Byung-Chul Han (Han, 2014). Os primeiros gaban os progresos da Humanidade grazas á razón, a ciencia, o humanismo e o ideal do progreso e rexeitan o pesimismo sobre o rumbo do mundo, o cinismo sobre o valor das institucións da Modernidade e a incapacidade para concibir propósitos superiores fóra do marco mental da relixión ou das relixións seculares que representan as ideoloxías. Os segundos advirten das ameazas e riscos de sistemas que alentan pola dominación, o control e vixilancia, a submisión

e a renuncia á liberdade e que atentan contra a vida humana e planetaria no marco do capitalismo neoliberal globalizado.

Nos milleiros de anos que levamos evolucionando na Terra, os *sapiens* temos dado mostras extremas da nosa condición de parvos e malvados. Noutras temos sido exemplo heroico de superación da nosa humana vulnerabilidade e fragilidade, corporal e mental. A receita para esta derrota dos nosos límites viu sendo a cooperación expresada a través dos poderes unificadores do imperio, o diñeiro e a relixión. Noutras verbas, a través da política, a economía e a ideoloxía. Non obstante, chegamos a un punto de non retorno na historia dos *sapiens*: ser coma deuses, tanto para crear vida non humana como para destruír vida a unha escala sen precedentes (Harari, 2014). Este é un dos sentidos da proposta denominada “era do Antropoceno” en que os cambios xeolóxicos do planeta estarían provocados pola actividade dos *sapiens* (Arias Maldonado, 2018).

Sen situarnos no horizonte da utopía ou da distopía, os datos amosan os enormes avances e progresos civilizatorios: menos pobreza, menos doenza, menos fame, menos guerra, menos medo e menos ignorancia. Mais ao mesmo tempo, vivimos unha idade de ira, resentimento e xenreira (Mishra, 2017), de mercantilización de todas as esferas da vida (Sandel, 2013), de posverdade no cuestionamento e manipulación dos datos e das evidencias (McIntyre, 2018), de movementos políticos e económicos gorentosos de autoritarismo (Snyder, 2017), de sentimentos de desafección e frustración respecto das diversas ideoloxías políticas (Pellizzetti, 2019) ou de populismos e entusiasmos colectivos por calquera forma de liderado carismático e mesiánico no marco de democracias liberais (Mudde e Rovira, 2019). Xuntamente con estes fenómenos, os discursos do odio botan raíces a nivel local e global expresándose en declaracións hiperbólicas, decisións políticas (peche de fronteiras, deportación de persoas pobres e estranxeiras, perse-

cución de activistas humanitarios), microviolencias e violencias sistémicas, con base en sentimentos de rexeitamento que fenden a convivencia e a vida en democracia e liberdade. Como ten advertido Adela Cortina, a *aporofobia*, como rexeitamento das persoas pobres, desafíanos xa que o outro aparece como fonte de ameaza, risco e desequilibrio. A *aporofobia* local e global, persoal e institucional, constitúe un atentado contra a dignidade e benestar das persoas e unha ofensa á común humanidade que compartimos (Cortina, 2017). En síntese, estaríamos ante unha suma de procesos coa feitura de crises: crise ecosocial, crise de dereitos, mercantilización da vida e crise de coidados, e crise de representación democrática (Millán e Gil, 2018).

Neste senso, todos os diagnósticos coinciden en sinalar cinco riscos globais que teñen o potencial de provocar un sufrimento masivo e que chegarían a ter a consideración de “mal absoluto” (Rosling, 2018, p. 273 e ss.): a pandemia mundial<sup>1</sup>, a crise financeira, a terceira guerra mundial, o cambio climático, e a pobreza extrema e as desigualdades.<sup>2</sup> Neste común diagnóstico atopamos males ausentes e presentes, moitos deles compartidos como desafíos globais con rostro local e que xa se están a vivir nas entidades locais urbanas e rurais galegas: o aumento das desigualdades e da

1. Este estudo redactouse entre finais de 2019 e principios de 2020 antes de que a Organización Mundial da Saúde (OMS) decretase a situación de pandemia a nivel mundial pola COVID-19 en marzo de 2020. Esta pandemia e as súas nefastas consecuencias alertan da necesidade de tomar en serio a prevención e afrontamento dos riscos existenciais así como das condicións estruturais que converten a pandemia nunha síndrome como a pobreza extrema, as vulnerabilidades, as desigualdades, as discriminacións ou as precariedades.
2. Outros autores, como Nick Bostrom, falan de “riscos existenciais”, como aqueles que aniquilarían a vida intelixente de orixe terrestre ou reducirían de xeito drástico e permanente o seu potencial: colisión de asteroide, guerra nuclear, pandemia natural, pandemia de orixe bioterrorista, quecemento global, accidente nanotecnolóxico, materia estraña superdensa, superintelixencia artificial hostil. Citado en Singer, 2017, p. 188.

pobreza e exclusión froito da precariedade laboral e o desemprego, a deslocalización empresarial, a crise demográfica, as consecuencias do cambio climático (inundacións, secas, incendios forestais, etc.), a acollida de emigrantes e persoas refuxiadas que foxen da pobreza, os conflitos armados, os desastres naturais ou a vulneración dos dereitos humanos, especialmente os sociais, etc.

As urxencias do presente e as emerxencias de futuro cuestiónannos como convivir e como garantir unha vida digna para todas as persoas a nivel local e planetario. Por este motivo, debemos afrontar un reto colectivo: definir en man común as pautas e marcos para construír comunidades locais e globais de convivencia xusta e solidaria, situando as institucións ao servizo do ben común, o benestar colectivo e a sustentabilidade da vida. Mais a complexidade, a interdependencia, a desterritorialización e transnacionalización dos problemas humanos e planetarios rebordan as capacidades dos individuos, comunidades e gobernos, de tal xeito que se fai preciso unha estratexia global que mobilice as vontades e recursos para paliar non só as consecuencias, senón tamén para afrontar as causas dos principais desafíos da Humanidade. Con este espírito nace a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable.

#### UN DIAGNÓSTICO COMPARTIDO SOBRE A SITUACIÓN DO PLANETA E DA HUMANIDADE

§ 14. Reunímonos nun momento en que o desenvolvemento sustentable afronta inmensos desafíos. Miles de millóns dos nosos cidadáns e cidadás seguen a vivir na pobreza e privados dunha vida digna. Van en aumento as desigualdades, tanto dentro dos países como entre eles. Existen enormes disparidades en canto ás oportunidades, a riqueza e o poder. A desigualdade entre os xéneros segue a ser un reto fundamental. É sumamente preocupante o desemprego, en particular entre a mocidade. Os riscos mundiais para a

saúde, o aumento da frecuencia e a intensidade dos desastres naturais, a escalada dos conflitos, o extremismo violento, o terrorismo e as consecuentes crises humanitarias e desprazamentos forzados da poboación ameazan con anular moitos dos avances en materia de desenvolvemento logrados durante os últimos decenios. O esgotamento dos recursos naturais e os efectos negativos da degradación do medio ambiente, incluídas a desertificación, a seca, a degradación das terras, a escaseza de auga doce e a perda de biodiversidade, aumentan e exacerban as dificultades ás que se enfronta a humanidade. O cambio climático é un dos maiores retos da nosa época e os seus efectos adversos minguan a capacidade de todos os países para alcanzar o desenvolvemento sustentable. A subida da temperatura global, a elevación do nivel do mar, a acidificación dos océanos e outros efectos do cambio climático están a afectar gravemente ás zonas costeiras e os países costeiros de baixa altitude, incluídos numerosos países menos adiantados e pequenos Estados insulares en desenvolvemento. Periga a supervivencia de moitas sociedades e dos sistemas de sostén biolóxico do planeta.

Nacións Unidas (2015), *Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable*.

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobaba a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable que integra 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e 169 metas (Nacións Unidas, 2015). A resolución “Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable” foi o resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo en que se implicaron representantes dos 193 estados membros das Nacións Unidas, gobernos locais, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial (Nacións Unidas, 2013). Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substituíu a plasmada na Declara-

ción do Milenio do ano 2000 e que se materializou nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM).

A Axenda 2030 deseñouse cunha unha visión máis ambiciosa e holística do desenvolvemento sustentable integrando nos seus 17 ODS as dimensións económica, social e ambiental e abrindo unha oportunidade para que o coidado do planeta e os dereitos das persoas se situasen no centro da axenda global, estatal e local. De feito, a Axenda 2030 presenta tres novidades que marcan a diferenza con respecto dos ODM:

- *Universalidade*: impondo responsabilidades compartidas, aínda que diferenciadas, ao conxunto de Estados que integran a comunidade internacional en todos os niveis de gobernanza supraestatal, estatal e local.
- *Integralidade e indivisibilidade*: reflectindo a multidimensionalidade dos procesos de desenvolvemento de tal xeito que se deben impulsar progresos no conxunto dos 17 ODS.
- *Diversidade*: promovendo a xeración de alianzas e espazos multiactor de tal xeito que cada actor (governos, sector privado, sociedade civil, persoas) poida fornecer unha achega significativa e relevante aos procesos de desenvolvemento sustentable

## OS 17 OBIECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

1. Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo
2. Poñer fin á fame, acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición, e promover a agricultura sustentable.
3. Garantir unha vida sa e promover o benestar de todas as persoas a todas as idades.
4. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas.
5. Lograr a igualdade de xénero e empoderar todas as mulleres e nenas.
6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todas as persoas.
7. Garantir o acceso a unha enerxía accesible, fiable, sustentable e moderna para todas as persoas.
8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o pleno emprego e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.
9. Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable, e fomentar a innovación.
10. Reducir a desigualdade nos países e entre eles.
11. Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables.
12. Garantir modalidades de consumo e produción sustentables.
13. Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
14. Conservar e empregar sustentablemente os océanos, os mares e os recursos mariños para acadar o desenvolvemento sustentable.
15. Protexer, restablecer e promover o uso sustentable dos ecosistemas terrestres, xestionar sustentablemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e inverter a degradación das terras, e deter a perda da biodiversidade.
16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sustentable, facilitar o acceso á xustiza para todos, e construír a todos os niveis institucións eficaces e inclusivas que rendan contas.
17. Fortalecer os medios de implantación e revitalizar a Alianza mundial para o desenvolvemento sustentable.



A Axenda 2030 xira arredor de cinco eixos centrais: Persoas, Planeta, Prosperidade, Paz e Partenariados/Alianzas, que se plasman na visión dun mundo onde as persoas están primeiro e ningunha persoa é deixada atrás, onde a prosperidade é compartida, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza, a través do traballo en asociación e man común para conseguilo. Cada un dos “P” da visión da Axenda 2030 arela a:

- Poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e garantir a dignidade e igualdade: Persoas.
- Protexer os recursos naturais do noso planeta e o clima para as xeracións futuras: Planeta.
- Asegurar vidas prósperas e satisfactorias en harmonía coa natureza: Prosperidade.
- Promover a paz, a xustiza e sociedades inclusivas: Paz.
- Habilitar-Executar a Axenda a través dunha sólida alianza global: Partenariados/Alianzas.

A pesar destas virtudes, a Axenda 2030 non está exenta de críticas por mor das súas insuficiencias: a falta de centralidade dos dereitos humanos, ausencia de cuestionamento do modelo económico, exceso de optimismo no solucionismo tecnolóxico e mercantil dos problemas globais, a limitada atención ás asimetrías de poder na gobernanza global, etc. (Futuro en Común, 2016).<sup>3</sup> Non obstante, presenta unha virtude que afecta aos gobernos locais: a imposición de deberes amables ao conxunto de Estados para

3. O think-tank británico ODI avaliou a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable e as posibilidades reais de acadar as súas metas. A súa diagnose non convida ao optimismo: tres ODS serán acadables con reformas, nove acadaranse unicamente con cambios revolucionarios, e cinco serán totalmente inalcanzables xa que obrigarían a un cambio radical de sistema económico. Máis información en: <<http://developmentprogress.odi.org/sdgs-scorecard/>>

que “localicen” os ODS e promovan políticas públicas e accións de goberno que permitan a realización destes obxectivos a nivel estatal, rexional e local. No caso dos territorios locais, a Axenda 2030 desprégase en dous eidos fundamentais para os gobernos locais: en primeiro lugar, a Nova Axenda Urbana (NAU) aprobada na Terceira Conferencia das Nacións Unidas sobre Vivenda e Desenvolvemento Sustentable — Hábitat III (2016) e que sitúa como obxectivo central “facer que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables” tal e como se reflicte no ODS 11 “Cidades e comunidades sustentables”; e, en segundo lugar, o ODS 17 “Alianzas para lograr os obxectivos” en que se inclúen as políticas públicas de cooperación municipalista así como a súa participación e presenza en redes de gobernos locais para lograr os ODS.

Tras da aprobación da Axenda 2030 polas Nacións Unidas en 2015 puxéronse en marcha os procesos de localización da Axenda 2030 a nivel estatal e subestatal no Estado. O Goberno de España impulsou a creación da estrutura institucional para a gobernanza da Axenda en que se incluíu, nun primeiro momento, o nomeamento dunha alta comisionada para a Axenda 2030. Desde 2020 a gobernanza española da Axenda 2030 está dirixida pola Secretaría de Estado para a Axenda 2030, dependente da Vicepresidencia segunda e Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e en que se integra a Dirección Xeral de Políticas Panca para o Cumprimento da Axenda 2030. Esta estrutura de gobernanza complementábase coa Conferencia Sectorial para a Axenda 2030 e o Consello de Desenvolvemento Sustentable en que participan as entidades locais. Previamente, e co fin de promover a consecución da Axenda 2030, o Goberno de España aprobou en 2018 o *Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030. Hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible* (Goberno de España, 2018a) e publica desde ese mesmo ano un *Informe de*

*progreso sobre la implementación de la Agenda 2030 en España.* A finais de 2020, ademais, deu inicio o proceso de elaboración da *Estratexia española de desenvolvemento sustentable 2030* que agarda ser presentada no marco do Exame nacional voluntario ao que se someterá España durante o vindeiro Foro Político de Alto Nivel de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas que se celebrará en xullo de 2021 (Goberno de España, 2020).

En 2018 España presentouse por vez primeira a este exame voluntario que cada estado realiza ante o Foro Político de Alto Nivel sobre Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas como parte do mecanismo de seguimento e revisión da execución da Axenda 2030 (Goberno de España, 2018b). Posteriormente, un informe situou España no posto 21 de 162 países analizados en relación aos esforzos governamentais na promoción do Desenvolvemento Sustentable e os avances da Axenda 2030. España presenta progresos globais nos 17 ODS con excepción das metas relativas ao uso sustentable da terra (ODS 2) e as vinculadas aos altos niveis de emisións de CO<sub>2</sub>, a contaminación e as ameazas á biodiversidade (ODS 9 e 13). Xa que logo, suspende na loita contra o cambio climático e a loita contra a fame, un suspenso que se estende a todos os países analizados neste informe (Sachs, *et al.*, 2019).

En relación á participación dos gobernos locais no proceso de localización da Axenda 2030, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) realizou unha achega activa ao *Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030*.

O COMPROMISO DOS GOBERNOS LOCAIS CO PLAN DE ACCIÓN POLA  
ACTIVACIÓN DA AXENDA 2030. CARA A UNHA ESTRATEXIA ESPAÑOLA  
DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

Os gobernos locais españois sitúanse no ámbito territorial óptimo para a promoción do desenvolvemento sustentable a través de diferentes ámbitos:

1. A través da realización de actuacións locais vinculadas cos ODS, tales como os plans de mobilidade urbana sustentable, a planificación o territorio, as estratexias de desenvolvemento sustentable locais, a promoción de políticas de igualdade e de seguridade cidadá, os pactos locais polo emprego e a formación, ou as *políticas de cooperación*. [...] Son xa numerosos os municipios e os gobernos locais que están a poñer en marcha estratexias de transversalización e integración dos ODS nas estratexias municipais.
2. A través do desenvolvemento de políticas de profundamento democrático e *participación cidadá*, como iniciativas de goberno aberto, orzamentos participativos, cidades educadoras, *consellos veciñais e cidadáns* ou portais de transparencia. Cabe sinalarse que a participación cidadá cobra unha maior densidade no ámbito do local, na medida en que é o nivel de goberno máis claramente vinculado á cidadanía. Puxéronse en marcha redes de educación e sensibilización sobre os ODS, que vinculan os gobernos locais coas temáticas da Axenda de Desenvolvemento Sustentable.
3. A través da promoción da cultura de paz. Os ODS son compoñentes centrais da paz e poñen de relevo como *a fin da pobreza, a protección do planeta e o logro dunha prosperidade amplamente compartida* son factores que contribúen á harmonía global e a unha paz duradeira [...].
4. A través do establecemento de *redes e articulacións de cooperación intermunicipal e internacional*, tales como a Rede de Cidades polo Clima, as cidades amigas da infancia, a rede de cidades pola economía circular, o C40 ou a participación, a través da FEMP, nas diferentes redes internacionais como a CGLU ou o CRME. Estas redes, tanto estatais como europeas e internacionais, fortalecen a gobernanza da Axenda, promoven a cooperación horizontal e o intercambio de experiencias, melloran as prácticas de políticas públicas e permiten a difusión de iniciativas innovadoras. Así mesmo, é

importante sinalar o papel articulador da FEMP na armazón territorial española coas Federaci3ns Territoriais de municipios e provincias, que deben ser chamadas a ocupar un destacado papel na coordinaci3n dos plans de localizaci3n da axenda desde a perspectiva auton3mica (Goberno de Espa3a, 2018a, p. 119).

Para dinamizar o impulso da Axenda 2030 polas administraci3ns locais, en setembro de 2019 a FEMP aprobou unha Declaraci3n en favor da Axenda 2030 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable durante a celebraci3n do seu XII Pleno. Ao tempo, en outubro de 2020 promoveu a constituici3n a Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 para favorecer a coordinaci3n posta en marcha da Axenda 2030 no eido local, proceso de localizaci3n ao que contrib3e a *Gu3a para la localizaci3n de la Agenda 2030* (Varela *et al.* 2020) elaborada pola Secretar3a de Estado para a Axenda 2030 en colaboraci3n coa FEMP.

Devagar, o marco da Axenda 2030 est3 a constitu3r o relato compartido, o horizonte com3n e o instrumento dinamizador das pol3ticas p3blicas do conxunto da administraci3n espa3ola. En Galicia a Xunta puxo en marcha unha Comisi3n Interdepartamental de seguimento da Axenda 2030 co obxectivo de coordinar o proceso de localizaci3n na Comunidade Aut3noma e de ofrecer espazos, recursos, instrumentos e un sistema de indicadores que permitan ao conxunto das administraci3ns p3blicas galegas incorporarse a un proxecto colectivo e global de transformaci3n<sup>4</sup>. Xa que logo, a curto prazo os gobernos locais galegos deber3n incl3er na s3a axenda p3blica e pol3tica os procesos colectivos para decidir os mellores medios para a consecuci3n dos ODS a nivel local,

4. En novembro de 2020 o Instituto Galego de Estatística publicou os indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable en Galicia que pode consultarse na s3a web: <<http://www.ige.eu/Shiny/Axenda2030/>>

nun proceso de localización que cumprirá coa visión profética de Vicente Risco: “Galicia é un mundo. Cada terra é coma se fose o mundo enteiro”<sup>5</sup>.

5. Como exemplo deste impulso, desde outubro de 2020, o Fondo Galego apoia a realización de tres planos municipais de posta en marcha dos ODS nos concellos de Cabanas, Pontedeume e San Sadurniño.



## CULTIVAR A HUMANIDADE DESDE O LOCAL. A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA

Na conversa final entre Kublai Kan, emperador dos Tártaros, e Marco Polo que pecha *As cidades invisibles* de Italo Calvino, o Kublai interroga con curiosidade o viaxeiro veneciano: “Ti que exploras ao teu redor e ves os signos, saberás dicirme cara a cal deses futuros nos impulsan os ventos propicios” (Calvino, 2017). Unha pregunta que podemos aplicar á política pública de cooperación local para o desenvolvemento nun intre que coidamos de ventos favorables: o novo mandato municipal cun predominio de gobernos progresistas nas principais cidades e vilas galegas e nas deputacións provinciais e que amosaron historicamente unha maior sensibilidade tanto cara a esta política pública como cara ás demandas de maior solidariedade global realizadas polo Fondo Galego e a CGONGD; o inminente impulso da localización da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable por parte da Unión Europea, o Goberno central, a Xunta de Galicia e as entidades locais e en que se inclúe a cooperación local para o desenvolvemento no seu ODS 17; o recoñecemento reforzado das competencias das Entidades Locais en acción exterior e cooperación para o desenvolvemento pola Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia; e a probable reinstalación da cooperación para o desenvolvemento na axenda política estatal no marco da



coherencia de políticas para o desenvolvemento (Millán, 2012; Santander e Pérez, 2018).

Este estudo aposta por un futuro alternativo e un outro mundo posible: aquel en que o poder local cultiva a humanidade desde o territorio máis próximo de afectividade, comunicación e convivencia buscando e recoñecendo aquelas persoas, organizacións e obxectivos políticos que ofrecen a esperanza dun futuro mellor para todas as persoas. Por este motivo, desde as súas orixes nos anos 80 a cooperación municipalista constitúe un exemplo sobresaínte de política pública local que se orienta á transformación social, que constrúe cidadanía e tece lazos solidarios entre o local e o global, entre o propio e o alleo, entre o próximo e o afastado para afrontar o futuro da vida en común.

Para este cultivo da Humanidade, a filósofa Martha C. Nussbaum prescribenos tres fármacos ou remedios para reforzar as nosas enerxías solidarias: en primeiro lugar, un autoexame crítico, consciente e deliberativo das nosas crenzas e capacidades co fin de ver con maior claridade o noso presente e espreitar o futuro; en segundo lugar, a actuación como cidadáns do mundo ou cidadáns globais onde nos definimos e actuamos en función de aspiracións e preocupacións universais cun desexo de amizade, hospitalidade e amor por toda a humanidade; e, en terceiro lugar, a construción individual e colectiva dun relato de igualdade, inclusión, distribución e xustiza global que nos dote dunha identidade en que nos recoñezamos como membros dunha mesma comunidade planetaria, con raíces e identidades locais, e con deberes de cooperación e axuda mutua (Nussbaum, 1996, 2005). Tres fármacos que é posible identificar encarnados en todas as persoas e institucións que con convicción e afouteza apostan pola cooperación municipalista.

Este capítulo quere axudar a esta tripla prescripción analizando o imaxinario, modelos, fortalezas e debilidades, límites e

imaxinario da cooperación local para o desenvolvemento. Posteriormente, presentamos as notas que singularizan un novo e emerxente modelo de cooperación municipalista para a transformación social en que os concellos e deputacións actúan como cidadáns globais solidarios. E, por último, localizamos este modelo en Galicia, denominándoo modelo SMART como acrónimo do quinteto de características irrenunciáveis para esta renovada política pública de cooperación: solidariedade, mobilización, activismo, responsabilidade e transparencia. Aínda que xa existen iniciativas SMART de cidades intelixentes dentro da Axenda Dixital de España, coidamos necesario precisar que nos apropiamos do concepto para enriquecer a visión tecnocrática, tecnolóxica e solucionista que fundamenta estas iniciativas a nivel local co obxectivo de dotala dun horizonte humanizador, emancipador e solidario.

Aos efectos deste estudo a cooperación local para o desenvolvemento defínemola como “a que realizan os concellos, deputacións, cabidos e consellos insulares, as organizacións supramunicipais (Mancomunidades e Federacións de municipios e provincias) e as entidades supramunicipais especializadas en cooperación (Fondos de Cooperación)” (FEMP, 2007). Ao tempo, por cooperación internacional municipalista ou cooperación municipalista entendemos a cooperación bilateral de ente local a ente local (Norte-Sur ou Sur-Sur) orientada, fundamentalmente, ao fortalecemento institucional dos entes locais e ao desenvolvemento local (García i Matés, 2004). A pesar desta distinción, neste estudo empregamos preferentemente o termo “cooperación municipalista” para denominar o conxunto de actividades de cooperación para o desenvolvemento promovidas polas entidades locais no marco das políticas públicas municipais.

En Galicia contamos cunha longa experiencia e tradición de cooperación local para o desenvolvemento facilitada desde os anos 80 pola democratización e a descentralización do Estado, a entrada

na Unión Europea, a mobilización cidadá en prol da solidariedade internacionalista co pobo saharauí ou a Nicaragua sandinista, e a activa resposta e iniciativa dos gobernos locais ante o xenocidio e traxedia humanitaria de Ruanda, as mobilizacións da sociedade civil polo 0'7 e a vaga de persoas refuxiadas orixinada pola guerra civil na ex Iugoslavia (Freres, 2007). Desde mediados dos anos 90, a cooperación para o desenvolvemento recibe un amplo impulso político desde os gobernos municipais nun contexto de “crise de desenvolvemento” e “canseira da axuda” derivado dun modelo vertical, centralista e neoliberal de desenvolvemento (o denominado “Consenso de Washington”) que estaba a provocar gravísimas feridas sociais en África e Latinoamérica por mor dos plans de axuste estrutural e da enorme débeda externa dos países empobrecidos. A cooperación municipalista agromou nestas circunstancias como un dos piares dun modelo alternativo de desenvolvemento a escala humana e con rostro humano que o PNUD denominará “desenvolvemento humano” no seu primeiro informe de 1990 (PNUD, 1990). Simultaneamente, emerxen novas dinámicas e prácticas de gobernanza global en que as entidades subnacionais, como os gobernos locais, exercen como actores das relacións internacionais e da acción exterior dos estados entre as que se inclúe a participación activa no sistema de cooperación internacional, a diplomacia de cidades, e o establecemento de redes e asociacións globais como Cidades e Gobernos Locais Unidos (CGLU) (Aldecoa e Keating, 1999).

Tras máis de trinta anos de cooperación local para o desenvolvemento en España e Galicia, resulta posible analizar as súas fortalezas así como o imaxinario deste modelo de cooperación que salienta as seguintes características virtuosas (Ruiz Seisdedos, 2005, 2008; VV. AA, 2006; De la Fuente, 2010):

- Un modelo de cooperación baseado en alianzas e asociacións con socios de desenvolvemento (gobernos locais, or-

ganizacións da sociedade civil, etc.) nos países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento nun marco de relacións directas e horizontais.

- O respecto á apropiación democrática dos procesos endóxenos de desenvolvemento de tal xeito que sexan dirixidos, inspirados e xestionados por gobernos locais con lexitimidade democrática e contando coa participación real da sociedade civil.
- A orientación ao fortalecemento institucional e ao reforzamento de capacidades para o apoderamento dos socios de desenvolvemento, ben institucións públicas homólogas, ben organizacións da sociedade civil.
- A promoción da participación cidadá tanto para o respaldo e apoio ás políticas locais de cooperación como para a construción de cidadanía global.
- O fortalecemento das capacidades para a incidencia e influencia política dos gobernos locais a través de alianzas e redes dentro do novo modelo de gobernanza global.

Este imaxinario e virtudes da cooperación local son asumidas pola Unión Europea, que aprobou en 2008 unha comunicación en que recoñece a competencia dos gobernos locais e gaba as súas potencialidades para a promoción do desenvolvemento e a solidariedade global (Comisión Europea, 2008). Posteriormente, en 2017 a Unión Europea asumiu este imaxinario no *Novo consenso europeo sobre desenvolvemento. O noso mundo, a nosa dignidade, o noso futuro*, para o cal o Comité Europeo das Rexións elabora un ditame do que foi relator a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia. Neste ditame recoñeceuse a achega específica que a política pública de cooperación dos gobernos descentralizados pode realizar nos seguintes eidos (Comité Europeo das Rexións, 2017):

- A xeración de asociacións e alianzas de desenvolvemento sustentable a longo prazo e irmandamentos con institucións homólogas nos países socios, reforzando a apropiación democrática local dos procesos de desenvolvemento sustentable.
- A aposta pola educación para a cidadanía global e a comunicación para o desenvolvemento sustentable, no nivel da concienciación crítica da sociedade e da mobilización social a favor dun maior compromiso coa participación solidaria e coa política pública de cooperación.
- A maior capacidade de resposta ás necesidades locais pola súa proximidade e presenza territorial, así como polo desenvolvemento de coñecementos especializados nos sectores que tradicionalmente propician a redución da pobreza (habitabilidade, planificación urbana, auga e saneamento, xestión de residuos, servizos sociais, etc.). Deste xeito, capitalízanse as súas propias capacidades para a xestión de políticas públicas de benestar a nivel local e rexional na loita contra a pobreza, a exclusión e marxinación social, a desigualdade, e na promoción da cohesión social e o desenvolvemento sustentable.
- A experiencia e competencias en desenvolvemento territorial e local, descentralización e fortalecemento da gobernanza democrática local.
- A promoción de asociacións multiactor cun alto protagonismo, liderado e participación das organizacións da sociedade civil nos países socios e en Europa.

En España esta política pública caracterizouse historicamente polos seguintes elementos: execución maioritaria a través de ONGD, a concentración xeográfica en América Latina e Norte de África, a especialización sectorial en servizos sociais bá-

sicos (saúde e educación, especialmente), a cooperación directa para o fortalecemento institucional e desenvolvemento de capacidades de entidades homólogas no Sur, o forte investimento en sensibilización e educación para o desenvolvemento; o respecto do principio de gratuidade e solidariedade desinteresada e a independencia dos intereses xeoestratéxicos da acción exterior do Estado, e o predominio do proxecto como instrumento e das convocatorias públicas de axudas como medio de canalización (Martínez e Sanahuja, 2009).

Non obstante, o consenso sobre as súas virtudes non impediu a realización dunha revisión crítica daquelas ineficiencias na xestión política e administrativa desta política pública e que minguan o seu valor engadido e o seu potencial de transformación social como son: o baixo compromiso orzamentario e a imprevisibilidade orzamentaria agravada polos recortes da crise; a ausencia dunha visión e planificación estratéxica que provoca dispersión xeográfica, a fragmentación sectorial e o minifundismo financeiro; as limitadas capacidades institucionais e técnicas nas administracións locais para o deseño e xestión desta política pública; o funcionamento por proxectos de pequeno tamaño; a redución da educación para o desenvolvemento a labores de sensibilización ou mercadotecnia; a baixa coordinación e complementariedade entre as administracións públicas que desenvolven actividades de cooperación; a xestión maioritaria das axudas de xeito indirecto a través das ONGD; a limitada xeración de coñecemento, avaliación e análise do impacto das actuacións; a subordinación da axuda a intereses ideolóxicos e partidistas; as resistencias á transparencia e rendición de contas, etc. (Gómez Gil, 2008, Teijo e Pastoriza, 2012).

Este autoexame crítico, consciente e deliberativo das dinámicas e prácticas da cooperación local non nos debe conducir ao escepticismo e desilusión, senón a identificar un novo relato, novos horizontes e novas oportunidades para revitalizar e consolidar esta

humanizadora política pública de solidariedade global. Un proceso urxente e necesario xa que, durante a longa noite de pedra da crise, esta política pública sufriu de profundos recortes orzamentarios, de operacións de desmantelamento institucional e abaixamento político no marco de procesos recentralizadores do Estado unidos a discursos públicos de “nacionalización da solidariedade” que contrapuñan con falsos dilemas a pobreza local e as nosas persoas pobres fronte á pobreza foránea e as persoas pobres alleas (Martínez, 2011; Martínez, *et al.*, 2012; CONGDE, 2012; Pérez, 2011; Iborra e Santander, 2012; CIDOB-ART-PNUD, 2013).

Oportunamente, este proceso de reivindicación do poder solidario do local acontece paralelamente á emerxencia dun modelo de ideación, construción e xestión das políticas públicas locais que salienta o poder do próximo, as virtudes do municipalismo e a coprodución de políticas, entendida como a “capacidade de xerar actividades e respostas a problemas colectivos de maneira conxunta por parte dos cidadáns e o goberno local” (Subirats, 2016, p. 108). En liña coas virtudes da cooperación local para o desenvolvemento, estes procesos opóñense a unha concepción tecnocrática, burocrática, compartimentalizada, rixida e de deseño de “abaixo-arriba” das políticas públicas. En troques aposta polos diagnósticos compartidos, o deseño conxunto de novas prácticas e dinámicas, a democratización da toma de decisións e as co-decisións, e a xeración aberta dun coñecemento común. Este novo marco de traballo público e político baséase na xeración de confianza, o recoñecemento das interdependencias e corresponsabilidades mutuas e a aposta pola colaboración perdurable ao servizo da innovación social e o ben común para unha maior igualdade, liberdade, inclusión e redistribución local e global (Subirats, 2016, p. 111). Xa que logo, este novo modelo de política pública aposta por reforzar as soberanías, autonomía, capacidades e competencias dos gobernos locais nun eido de tanta transcendencia como

o desenvolvemento sustentable e a solidariedade global por canto atinxen ao noso futuro como humanidade nun planeta vivo onde os territorios locais reflicten os valores, problemas e alternativas globais. Consonte a este modelo, desde o local pódense imaxinar “inéditos viables”, novos espazos de convivencia, produción, consumo, benestar e lecer porque os “gobiernos en minúscula” se ven obrigados a afrontaren os “problemas en maiúsculas” (Subirats, 2016, p. 57).

En relación á política pública local de cooperación atopámonos nun intre de transición a un dobre nivel: en primeiro lugar, porque se desexa a incorporación de máis entidades locais á experimentación da cooperación municipalista; e, en segundo lugar, na exploración de novos modelos de cooperación municipalista orientados á transformación social. En ambos os dous casos está a acontecer unha colaboración e alianza entre os gobernos locais, o activismo social, as organizacións da sociedade civil e a investigación académica (AIETI e La Mundial, 2017; Martínez, 2016; Martínez, 2018; Millán e Gil, 2018). De forma sintética, este novo modelo de cooperación municipalista presenta as seguintes características:

<b>PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS</b>	<b>PRINCIPAIS ACHEGAS</b>
<b>Estrutural</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Orientada ao cambio social, político, económico e ambiental a nivel local e global.</li> <li>▪ Actuando como política-panca para o cambio estrutural e a construción dun futuro en común e un outro mundo posible.</li> <li>▪ Con recoñecemento da autonomía do poder local e das súas capacidades e competencias en cooperación internacional.</li> </ul>



<b>Coherente</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Apostando polo fortalecemento e ampliación das políticas públicas locais que se proxectan globalmente en relacións horizontais con gobernos locais dos países empobrecidos.</li> <li>▪ Compartindo a experiencia na xestión de políticas públicas vinculadas ao territorio coherentes co desenvolvemento sustentable.</li> </ul>
<b>Aberta e integral</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coa inclusión e articulación de actores diversos no territorio a través dun diálogo aberto e participativo.</li> <li>▪ Ampliando as capacidades e potencialidades da política de cooperación para que actúe como motor para a localización da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable nas entidades locais.</li> </ul>
<b>Democrática e participativa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coa participación de actores diversos ao longo de todo o ciclo da política pública.</li> <li>▪ Dotada de solidez política e con coherencia de valores, enfoques e principios.</li> <li>▪ Facilitando a participación dos parceiros (gobernos locais, organizacións das sociedade civil) do Sur na definición estratéxica e operativa desta política pública.</li> <li>▪ Garantindo a sustentabilidade desta política pública para alén da alternancia política no goberno local.</li> </ul>
<b>Aberta ao coñecemento e aos saberes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ampliando o coñecemento da realidade sobre a que se pretende intervir cun enfoque de abaixo-arriba.</li> <li>▪ Fortalecendo a capacidade dos actores que participan na cooperación municipalista.</li> <li>▪ Ampliando o coñecemento sobre o desenvolvemento sustentable a partir do diálogo entre saberes e a xeración transfronteiriza de coñecementos.</li> </ul>
<b>Comprometida e solidaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Apoiando as persoas, pobos e comunidades en situación de vulnerabilidade.</li> <li>▪ Construindo alianzas, complicidades e apoios en favor da xustiza e a emancipación.</li> </ul>
<b>Estratéxica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Con capacidade de orientar outras políticas cara aos valores, principios e obxectivos do desenvolvemento sustentable</li> </ul>

<b>Capacitada</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dotada de recursos económicos suficientes e previsibles no horizonte do 0'7 % do orzamento total consolidado.</li> <li>▪ Con capacidades técnicas e estruturas institucionais necesarias para traballar en favor do desenvolvemento sustentable e a xustiza global.</li> </ul>
-------------------	---

Fonte: adaptado de Martínez, 2018

Esta proposta dunha renovada política pública de cooperación municipalista nace dunha sabia combinación de elementos dos tres paradigmas presentes na cooperación local para o desenvolvemento nas últimas décadas: o internacionalismo solidario, a axenda de eficacia da axuda e mais a axenda global de desenvolvemento humano sustentable. Esta mestura de tradicións, experiencias e axendas achega a este novo modelo os seguintes elementos:

PARADIGMA	ACHEGAS
<b>Internacionalismo solidario</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>— Emancipación.</li> <li>— Liberación.</li> <li>— Utopía.</li> <li>— Activismo social.</li> <li>— Centralidade das vítimas.</li> </ul>
<b>Axenda da Eficacia da Axuda e o Desenvolvemento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>— Principio de asociación.</li> <li>— Apropiación democrática.</li> <li>— Harmonización inclusiva.</li> <li>— Aliñamento crítico.</li> <li>— Xestión solidaria para resultados.</li> <li>— Responsabilidade compartida e transparencia.</li> </ul>
<b>Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>— Non deixar ninguén atrás.</li> <li>— Universalidade.</li> <li>— Integralidade e indivisibilidade: coherencia de políticas.</li> <li>— Diversidade.</li> <li>— Xustiza global.</li> </ul>

De todos os xeitos, no eido da cooperación municipalista conviven unha pluralidade de imaxinarios e concepcións da solidariedade global que fundamentan as decisións dos gobernos locais respecto do modelo e estilo de cooperación que fomentan. Esta heteroxeneidade explica que os esforzos por dotar de certo grao de homoxeneidade e coherencia á cooperación municipalista deban lidar a miúdo coa defensa da súa autonomía por parte das autoridades locais. Neste senso, débese actuar con cautela, humildade e pedagogía para que os procesos que suxiren unha mellora da coordinación e a complementariedade ou unha repolitización da cooperación municipalista non sexan coidados como estratexias de normalización, uniformización e control.

En relación a esta diversidade e heteroxeneidade, o activista e académico ugandés Yash Tandon suxire cinco tipos diferentes de cooperación aos que asigna unha cor identificadora. Aínda que nalgúns puntos excede as capacidades e competencias das entidades locais, este arco da vella reflicte a pluralidade de opcións dispoñibles para a cooperación municipalista e para os gobernos locais en función das súas coordenadas ideolóxicas.

Cor	Violeta	Verde	Amarelo	Laranxa	Vermello
<b>Principio organizador</b>	Solidariedade	Provisión de Bens Públicos Globais	Liberación e supervivencia	Comercial	Ideolóxica
<b>Exemplos</b>	Apoderamento	Fondos compensatorios	Loita pola liberación e proxecto nacional	Préstamos	Consenso de Washington
	Resistencia fronte a dominación	Axuda non ligada	Aliados na loita pola supervivencia	Axuda ligada	Condicionais de goberno
	Centros de coñecemento	Axuda humanitaria non ligada	Aliados contra o imperialismo	Axuda humanitaria ligada	Condicionais de Dereitos Humanos
	Concienciación	Axuda de emerxencia non ligada	Guerra ao Terror	Axuda de emerxencia ligada	Condicionais de Democracia
	Debate público	Axuda técnica non ligada	Control de estados fráxiles	Axuda técnica ligada	Condicionais de Estado de Dereito
	Estratexias alternativas	Axuda comercial non ligada	Control de estados fallidos	Axuda comercial ligada	Condicionais de investimento

Fonte: adaptado de Tandon, 2009

Na actualidade ábrese un novo horizonte favorable para a política pública local de cooperación unha vez superada a negra sombra da crise e das interpretacións restritivas da Lei 27/2013 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local que bloquearon a vontade e iniciativa política dos gobernos locais no seu compromiso coa cooperación municipalista. Por este motivo, neste novo rumbo as entidades locais deberían optar e apostar por experiencias de innovación e experimentación

participativa, por procesos de mellora con novos mecanismo de colaboración social-institucional e con construcións alternativas de institucionalidade que fomenten as relacións, a colaboración e a integración de novas demandas vinculadas á xustiza global e ao desenvolvemento sustentable na axenda pública e política dos gobernos locais (Subirats, 2016, p. 24).

Nesta toma de posición esixible ás entidades locais respecto do seu compromiso coa cooperación municipalista emerxen catro escenarios en que se materializarían estas decisións políticas. Seguindo a Natalia Millán e Luísa Gil na súa análise da cooperación madrileña, en Galicia tamén estamos confrontados a catro posibles escenarios en relación á cooperación municipalista:

CATRO ESCENARIOS DE FUTURO PARA A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA EN GALICIA	
<p><b>Escenario A:</b> Desvinculación da política de cooperación. Ausencia de compromiso e vontade política e de recursos económicos e estruturas institucionais.</p>	<p><b>Escenario B:</b> Mantemento ou recuperación da política desde unha lóxica continuísta. Ausencia de renovación discursiva e inercias institucionais na xestión e nos espazos de participación.</p>
<p><b>Escenario C:</b> Renovación do discurso pero non do modelo de cooperación. Actuación segundo a lóxica tradicional (Norte-Sur) e con marco estratéxico, instrumental e de participación continuísta.</p>	<p><b>Escenario D:</b> Cambio discursivo e cambio de modelo. Reformulación da planificación, actores, procesos de participación, instrumentos e ámbitos de traballo.</p>

Adaptado de Millán e Gil, 2018

En Galicia máis de douscentos concellos e a Deputación de Ourense atópanse no escenario A, mentres que o núcleo duro da cooperación municipalista galega se localiza no escenario B, agás algún caso excepcional que evolucionou cara ao escenario C como o Concello de Santiago de Compostela ou o Fondo Galego. O es-

cenario D opera como unha posibilidade aínda inédita e non identificable na realidade da cooperación municipalista galega, como comprobaremos nos seguintes capítulos.

No caso de concertar vontades e enerxías para que o escenario D se materialice nalgún dos actores da cooperación municipalista galega será necesario xestionar as transicións que os diversos gobernos locais deberán asumir para incorporar, mellorar ou potenciar a súa política pública de cooperación. De todos os xeitos, e malia que o escenario D opere como un horizonte desexable, en cada un dos casos deberase recoñecer a lexitimidade da opción que escolla cada entidade local. Para esta dinámica de cambio o Fondo Galego e a CGONGD deberán ofrecer un acompañamento institucional activo que motive e alente a aposta por unha cooperación municipalista con valor engadido, innovadora, eficaz e cunha maior capacidade de transformación e impacto. Con este fin deberanse identificar e analizar as demandas, necesidades, intereses, capacidades e vantaxes comparativas tanto do tecido social solidario do seu territorio como da entidade local a partir da súa experiencia e tradición na solidariedade global.

Para desenvolver procesos tan ambiciosos as entidades locais deben confiar no Fondo Galego e a CGONGD xa que operan como unha oportunidade de supramunicipalidade, como un espazo de cooperación voluntaria con operatividade, recursos e capacidades para prestar servizos de valor ás entidades locais nesta política pública e, fundamentalmente, para favorecer o diálogo de políticas que debe impulsar e fortalecer a cooperación municipalista. Neste senso, o necesario reforzamento institucional do Fondo Galego e a ampliación da capacidade humana e técnica das ONGD e da CGONGD a curto prazo permitirían superar a ansiedade e incerteza política e técnica derivada da ampliación das axendas locais da cooperación municipalista así como apoiar o desenvolvemento de novos roles estratéxicos no eido do benestar, promo-

ción económica, ordenamento do territorio e protección e xestión do medio ambiente compartido por parte dos concellos e deputacións cun enfoque de xustiza global (Subirats, 2016, p. 61).

Este modelo de cooperación municipalista para a transformación social do escenario D e que denominamos SMART representa o estándar ideal. Este carácter de modelo ideal non implica que poida nin deba ser posto en marcha por todas as entidades locais senón que debe ser adaptado ás súas circunstancias e demandas concretas, como xa sinalamos. Consecuentemente, esta proposta de cooperación municipalista aposta polas responsabilidades compartidas, pero diferenciadas, recoñecendo as capacidades plurais e as necesidades diversas dos concellos e deputacións galegas. Non obstante, esta pluralidade e heteroxeneidade non nos debe desmotivar á hora de procurar sinalar un vieiro flexible, factible e realista para que cada goberno local e provincial se poida dotar dos elementos fundamentais dunha política pública de cooperación municipalista, tal e como debullaremos polo miúdo nas recomendacións do capítulo 5.

Por SMART entendemos o acrónimo das cinco características irrenunciáveis para esta pioneira política de cooperación: solidariedade, mobilización, activismo, responsabilidade e transparencia. Porque as entidades locais SMART apostan por actuaren consonte a estes cinco elementos en tanto que gobernos locais:

- **SOLIDARIOS:** motivados á transformación social en coherencia cos valores e principios da solidariedade e a xustiza global.
- **MOBILIZADORES:** non só de recursos e capital humano ou financeiro, senón da comunidade local e das organizacións da sociedade civil a través da educación para a cidadanía global, da concienciación solidaria, e da participación activa en redes globais para a aumentar a capacidade de incidencia e a influencia do poder local a nivel global.

- **ACTIVISTAS:** capaces de conectar as demandas e loitas sociais locais e globais: feminismo, dereitos humanos, xustiza ecolóxica, pacifismo, etc.
- **RESPONSABLES:** asumindo novos roles e funcións no marco de modalidades de traballo participativas, estratéxicas, abertas, flexibles e innovadoras e apostando pola coherencia de políticas de desenvolvemento dentro da lóxica da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable.
- **TRANSPARENTES:** rendendo contas á cidadanía e comunicando activamente os impactos e logros colectivos na consecución de resultados de desenvolvemento.

Xa que logo, trátase dunha política pública SMART promotora de lóxicas e estruturas horizontais de articulación e concertación, sistemas desconcentrados e descentralizados de toma de decisións, con lóxicas de aprendizaxe en código aberto, con participacións amplas e plurais e que aposta pola repolitización da cooperación municipalista para o desenvolvemento. Esta repolitización débese entender como o aproveitamento da capacidade de implicación, influencia, incidencia e decisión directa da cidadanía na definición dos problemas do desenvolvemento sustentable a nivel local e global; a imaxinación e construción de alternativas; a coprodución da política pública de cooperación municipalista; a xeración colectiva de coñecemento e saberes; a conectividade e comunicación directa coas persoas e comunidades parceiras nos países empobrecidos; e a participación na xestión e posta en marcha da política pública de cooperación favorecendo a transparencia e a rendición de contas (Subirats, 2016, p. 94 e ss).

Non obstante, e a pesar de que a historia da cooperación municipalista en Galicia mesture luces e sombras, esperanzas e desilusións, optimismo e escarmentos da experiencia, cómpre teimar na procura deste vieiro flexible, factible e realista para que cada



Goberno local e provincial se poida dotar dos elementos fundamentais dunha política pública de cooperación municipalista para a transformación social xenuinamente SMART.

Para concluír, este proceso esperanzador, á vez que esixente, cara a unha cooperación municipalista SMART non se poderá levar a cabo sen a identificación e motivación de liderados inspiradores e nutritivos nos gobernos locais. En todos as conversas e diálogos sobre a cooperación municipalista galega existe coincidencia nas saudades de gobernos locais líderes que teñan un efecto tractor e panca para mobilizar, activar e ilusionar ao resto de gobernos locais que non saben, queren ou poden sumarse á transformación solidaria municipalista. Porque o noso desexo é que a curto e medio prazo máis concellos e deputacións se unan a esta aposta de presente para o futuro común dos *sapiens* e do noso planeta, para que Galicia se mova pola solidariedade e a xustiza global e cultive a humanidade desde o local confiando no poder da xente, da sociedade civil, da nosa Terra en man común.



UN SUFRIMIENTO INNECESARIO. A LRSAL E AS COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

A aprobación e entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modificou a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LrBRL) xerou dúbidas respecto das competencias das entidades locais en cooperación para o desenvolvemento, entre outras materias, dando lugar a dez recursos de inconstitucionalidade e a un conflito en defensa da autonomía local ante o Tribunal Constitucional.

O artigo 7 da LrBRL modificado pola LRSAL establecía unha distinción entre competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias e delegadas. Na enumeración das competencias propias do artigo 25 da LrBRL non figuraba a cooperación internacional para o desenvolvemento, de tal xeito que esta competencia entendeuse incluída no artigo 7.4 relativo ás competencias distintas das propias e das delegadas. Xa que logo, a LRSAL non impedía que as entidades locais puidesen desenvolver actuacións de cooperación internacional para o desenvolvemento tal e como advertían os informes elaborados sobre esta materia pola FEMP (FEMP, 2014) e un ditame específico da Avogacía do Estado (Avogacía Xeral do Estado, 2014). Para o exercicio desta competencia en cooperación internacional para o desenvolvemento distinta das propias e delegadas a LRSAL establecíase que se tiñan que cumprir dous requisitos:

1. Non poñer en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, cumprindo os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
2. Non incorrer nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública.

No caso de Galicia, para poder realizar actuacións de cooperación internacional as entidades locais estiveron obrigadas a solicitar os respectivos informes á Xunta de Galicia sobre a inxis-

tencia de duplicidades e sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. En Galicia este procedemento de solicitude de informes ficaba establecido no artigo 3.4 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e no caso da cooperación internacional os informes de non duplicidades solicitáronse consonte ao disposto no art. 17 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento<sup>1</sup>. A Xunta de Galicia respondeu favorablemente a todas as administracións locais galegas que solicitaron os devanditos informes desde 2014.

Tras dun primeiro momento de interpretación restritiva da modificación competencial establecida pola LRSAL, as entidades locais continuaron a desenvolver actividades de cooperación para o desenvolvemento, exercendo unha competencia que as leis sectoriais en acción exterior do Estado e cooperación internacional lle recoñecen. Ao tempo, consonte ás sentenzas do Tribunal Constitucional en relación á LRSAL, as previsións e requisitos restritivos establecidos ficaron anulados polo que as entidades locais poderán exercer esta competencia con plena autonomía nun marco de coordinación e respecto dos principios, directrices, fins e obxectivos da Política Exterior do Estado e mais dos instrumentos de planificación de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.

LEI ESTATAL, 23/1998, DE 7 DE XULLO, DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL  
PARA O DESENVOLVEMENTO:

*Artigo 20. Cooperación para o desenvolvemento das Comunidades Autónomas e Entidades locais.*

1. A cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as Comunidades Autónomas e as Entidades locais, expresión

1. A recentemente aprobada Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, elimina este requisito de solicitude de informes na súa disposición derogatoria única.

solidaria das súas respectivas sociedades, inspírase nos principios obxectivos e prioridades establecidas na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo I da presente Lei.

2. A acción das devanditas entidades na cooperación para o desenvolvemento baséase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución, debendo respectar as liñas xerais e directrices básicas establecidas polo Congreso dos Deputados a que se refire o artigo 15.1 da presente Lei e o principio de colaboración entre administracións públicas en canto ao acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos.

LEI ESTATAL 2/2014, DE 25 DE MARZO, DA ACCIÓN E DO SERVIZO EXTERIOR DO ESTADO.

*Artigo 11. As Comunidades autónomas e entidades que integran a administración local.*

1. As actividades que as comunidades autónomas, as cidades autónomas e as entidades que integran a administración local poidan realizar no exterior no marco das competencias que lles sexan atribuídas pola Constitución, polos Estatutos de Autonomía e as leis, respectarán os principios que se establecen nesta lei e adecuaranse ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno.
2. Así mesmo, ditas actividades das Comunidades e Cidades Autónomas adecuaranse aos instrumentos de planificación da Acción Exterior, elaborados e aprobados de conformidade co disposto nesta lei e establecidos polo Estado no exercicio das súas facultades de coordinación neste ámbito, cando definan directrices de actuación propias da Política Exterior do Estado ou se insiran no ámbito das relacións internacionais de España.

As entidades que integran a administración local estarán suxeitas aos instrumentos de planificación da acción exterior que determinen as súas respectivas Comunidades Autónomas.

3. As actuacións que leven a cabo no exercicio da Acción Exterior non poderán comportar, en ningún caso, a asunción da representación do Estado no exterior, a celebración de tratados internacionais con outros Estados ou organizacións internacionais, a xeración, directa ou indirecta, de obrigacións ou responsabilidades internacionalmente esixibles ao Estado, nin incidir ou prexudicar a Política Exterior que dirixe o Goberno. Corresponde en calquera caso ao Goberno establecer as medidas e directrices que regulen e coordinen as actividades no exterior das Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas co obxecto de garantir o cumprimento do disposto nesta lei.
4. As Comunidades Autónomas, as Cidades Autónomas e as entidades que integran a administración local poderán celebrar acordos internacionais administrativos en execución e concreción dun tratado internacional cando así o preveña o propio tratado, atribuíalles potestade para iso e verse sobre materias da súa competencia. Así mesmo, poderán celebrar acordos non normativos cos órganos análogos doutros suxeitos de dereito internacional, non vinculantes xuridicamente para quen os subscribe, sobre materias da súa competencia.

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación informará con carácter previo e de acordo co que dispoña a lexislación estatal que regule a súa celebración, os acordos internacionais administrativos e os non normativos que estas administracións pretendan celebrar con autoridades ou órganos administrativos dun suxeito de dereito internacional. Para ese efecto solicitará o informe dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia e, en todo caso, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

LEI GALEGA 3/2003, DO 19 DE XUÑO, DE COOPERACIÓN  
PARA O DESENVOLVEMENTO (DERROGADA)

*Artigo 23. Axentes da cooperación.*

1. Para os efectos desta lei, considéranse axentes da cooperación os seguintes:

a) A administración autonómica e as entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como as institucións que as integren ou as organizacións que as representen.

LEI 10/2021, DO 9 DE MARZO, REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E DA  
COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA

*Artigo 7. Suxeitos da acción exterior galega*

Son suxeitos da acción exterior galega:

a) A Administración autonómica galega, o Consello da Cultura Galega, as entidades locais galegas, consonte a súa normativa propia, as universidades públicas galegas, a administración corporativa galega, nomeadamente as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e os colexios profesionais, e mais os entes instrumentais dotados de personalidade xurídica propia, dependentes de calquera dos suxeitos antes citados, sexa cal for a súa natureza ou tipoloxía xurídica.

*Artigo 96. Axentes de cooperación para o desenvolvemento*

1. Para os efectos deste título, considéranse axentes de cooperación para o desenvolvemento aquelas entidades, de carácter público ou privado, cunha vinculación específica cos obxectivos, prioridades, modalidades e ámbitos da cooperación para o desenvolvemento.
2. Os axentes de cooperación para o desenvolvemento serán recoñecidos como interlocutores das administracións públicas galegas nesta materia.
3. Para os efectos deste título, considéranse axentes de cooperación para o desenvolvemento os seguintes:
  - a) A administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como é o caso da Federación Galega de Municipios e Provincias (FE-

GAMP) ou o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

*Artigo 98. Entidades locais*

1. As entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos en que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas como a protección de dereitos sociais básicos, servizos sociais, urbanismo e ordenación do territorio, xestión pública dos recursos hídricos, xestión ambiental, igualdade de xénero, educación para a cidadanía global ou calquera outro no marco das súas competencias.
2. As entidades locais e as entidades e organizacións en que se integren ou que as representen, como a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, constitúense en interlocutores permanentes da administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento.






## A FIN DA DÉCADA PERDIDA NA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA. PRÓXIMA ESTACIÓN: ESPERANZA

En 2009 o Fondo Galego presentaba o seu *Informe Zero sobre a cooperación municipalista en Galicia* (Fondo Galego, 2009). Este estudo nacía no sopor do mar calmo en que navegaba a cooperación municipalista galega unicamente roto polo protagonismo financeiro da Deputación da Coruña e dos concellos da Coruña, Lugo, Vigo, Ferrol, Oleiros e Narón e o liderado institucional, financeiro e técnico do Fondo Galego. Este estudo pioneiro procurou fixar un punto de partida desde o que albiscar un horizonte de futuro para a política pública de cooperación local para o desenvolvemento, xusto nas vésperas da cicloxénese explosiva da crise. Unha crise cuns efectos dramáticos sobre a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) das entidades locais galegas como se pode observar no seguinte gráfico.

GRÁFICO I. EVOLUCIÓN DA AOD DAS ENTIDADES  
LOCAIS GALEGAS, 2006-2018



Fonte: elaboración propia

Transcorrida unha década desde a publicación do *Informe Zero*, a súa diagnose goza de completa actualidade. Se valoramos o grao de vixencia das súas conclusións e propostas para o cambio tras da análise dos datos, cuestionarios e entrevistas en que se fundamenta metodoloxicamente este estudo, podemos comprobar a pouca mudanza que aconteceu nestes dez anos.

10 CONCLUSIÓN EN 2009	GRAO DE VIXENCIA EN 2019
1. A axenda da cooperación local galega precisa gañar en solidez e consistencia.	1. Totalmente vixente. Con excepción das liñas estratéxicas do Fondo Galego e das propostas da Coordinadora Galega de ONGD de cara ás eleccións municipais, non existe unha definición clara e precisa dunha axenda específica da cooperación municipalista en Galicia.
2. Identifícanse profundas asimetrías e desigualdades de capacidades entre as entidades locais con respecto doutras administracións polos escasos recursos económicos, administrativos e humanos.	2. Totalmente vixente. Os máis dos concellos e deputacións non avanzaron na superación dos límites orzamentarios, institucionais e técnicos existentes. Unicamente no caso da Deputación da Coruña se identificaron capacidades institucionais suficientes para a xestión autónoma do ciclo da política pública de cooperación. Noutros casos (Concello de Santiago de Compostela e Concello de Lugo) externalizouse a xestión técnica das convocatorias de axudas por mor das limitacións de capacidade técnica e recursos humanos especializados.

<p>3. O individualismo na xestión e o proxecto como instrumento minguan o valor engadido, calidade e impacto das actuacións fronte ao acompañamento de procesos a través de espazos de coordinación e axencias especializadas como o Fondo Galego.</p>	<p>3. Totalmente vixente. As convocatorias de proxectos existentes (Deputación da Coruña, Concello de Santiago de Compostela e Concello de Lugo) reforzan o individualismo e o protagonismo do proxecto e amosan dificultades para a xestión do ciclo da subvención en cooperación por parte das entidades locais.</p>
<p>4. A sensibilización debe desenvolverse desde o eido local, o financiamento de proxectos de cooperación debe operarse desde a convocatoria do Fondo Galego.</p>	<p>4. Totalmente vixente. O modelo dual actual (convocatorias de cooperación dos concellos e Deputación da Coruña e convocatorias do Fondo Galego) provoca unha fragmentación das actuacións que se limitan a microproxectos cun impacto limitado pola súa baixa contía. No caso da sensibilización, o Fondo Galego incrementou as actividades de sensibilización nos concellos cunha atención específica aos situados no rural.</p>
<p>5. A escasa socialización da cooperación internacional no seo da administración local.</p>	<p>5. Totalmente vixente. Con excepcións debidas ao traballo do Fondo Galego e a súa Rede Municipalista Solidaria a cooperación municipalista apenas resulta coñecida dentro da administración local pola segmentación técnica, a estrutura especializada en “negociados”, “áreas” e “servizos”, os compartimentos estancos sen comunicación mutua e a ausencia dunha visión de coherencia de políticas de desenvolvemento. Por outra banda a interpretación restritiva da LRSAL por parte da Intervención e Secretaría municipal respecto da competencia en cooperación internacional atrancou o impulso político e desincentivou un compromiso máis activo con esta política pública por parte dos gobernos locais.</p>
<p>6. Inexistencia de Consellos de Cooperación ou cun funcionamento precario.</p>	<p>6. Totalmente vixente. Desde 2009 unicamente se creou un novo Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade en Santiago de Compostela. O existente previamente en Vigo apenas tivo dinamización e funcionamento. O mesmo aconteceu no caso do Consello Municipalista de Cooperación do Fondo Galego.</p>

7. Ausencia de visión estratéxica sectorial e xeográfica.	7. Totalmente vixente. Coa excepción da Deputación da Coruña e dos Concellos de Santiago de Compostela e Lugo que reflicten nas bases das súas convocatorias de subvencións a súa visión estratéxica aliñada co Plan Director da Cooperación Galega vixente, o resto de entidades locais carecen dunha estratexia explícita ou definida participativamente. No caso de Oleiros as súas bases de financiamento de programas de cooperación para o desenvolvemento artellan a concepción política e ideolóxica da súa cooperación no marco do internacionalismo solidario.
8. Desaproveitamento das potencialidades dos irmandamentos.	8. Totalmente vixente. Os irmandamentos con localidades dos países empobrecidos apenas son empregados como marco para a construción dunha alianza estable de desenvolvemento con parceiros de institucións homólogas, con excepción do Concello de Ames e a súa alianza coa Cámara Municipal de Tarrafal (Cabo Verde).
9. Ausencia de espazos de xeración de coñecemento, debate público, intercambio de experiencias, etc.	9. Totalmente vixente. Con excepción dos estudos impulsados e os espazos dinamizados polo Fondo Galego, a Coordinadora Galega de ONGD e o IGADI, a cooperación local presenta unha baixa xeración, de coñecemento dentro dun debate público marxinal e un intercambio de experiencias en dinámicas de traballo minoritarias, como a Rede Municipalista Solidaria do Fondo Galego. Ao tempo, o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) carece de dinamismo e operatividade suficientes para impulsar o diálogo de políticas e actuar como motor da construción colectiva desta política pública.
10. Baixa participación nas redes internacionais de solidariedade.	10. Totalmente vixente. Con excepción do Fondo Galego, os concellos e deputacións non participaron activamente nas redes internacionais de solidariedade. Esta ausencia acontece no marco dunha falta de sistematización e reflexión estratéxica sobre a súa acción exterior que está a ser superada nalgúns casos a través da elaboración das Bases de Acción Exterior (BAEX) promovidas polo IGADI.

A pesar da vixencia das conclusións do 2009, esta evidencia non nos debe afastar do mandato expresado na introdución: situarnos alén da insatisfacción, a infelicidade, a apatía ou a indiferenza. Aínda que debemos recoñecer con honestidade que o

período 2009-2018 constituíu en liñas xerais e salvo excepcións exemplares unha “década perdida” para a cooperación municipalista galega, este flaxelo da análise debe combaterse con esperanza, tal e como recuncaba o cantante franco-galego Manu Chao en 2001 no seu álbum solidario internacionalista *Próxima estación: esperanza*. Unha esperanza pola que non fai falla agardar: o vindeiro capítulo dedicado a experiencias de cooperación local en Galicia mostra como no camiñar solidario das entidades locais podemos atopar estacións que convocan á simpatía polo futuro que está a chegar.

Porque esta década estivo marcada polos anos negros da crise que tronzaron os progresos na consolidación da cooperación municipalista galega. Sirvan de exemplo cinco datos que revelan o alcance e profundidade do seus efectos nos recortes orzamentarios e no debilitamento institucional desta política pública:

- UNHA COOPERACIÓN REDUCIDA A UN TERZO NO MÁIS DURO DA CRISE: en 2008 acadouse o máximo histórico da AOD das entidades locais galegas cun total de 1.451.125 €, o que representou un esforzo inversor do 0,05 por cento do seu orzamento total consolidado e 0,52 € por habitante. Tras dun recorte do 67 por cento, en 2012 a AOD local galega ficaba reducida a 485.855 €, cun esforzo inversor do 0,02 por cento e uns cativos 0,17 € por habitante.
- UNHA RECUPERACIÓN INSUFICIENTE: aínda que desde 2013 as entidades locais incrementaron a súa AOD un 81 por cento, estabilizándose o volume total en arredor de 900.000 € anuais desde 2016, estarían pendentes de recuperación máis de medio millón de euros con respecto da 2008.
- UNHA COOPERACIÓN DE CLASE MEDIA AUTONÓMICA: entre 2012 e 2015 a AOD das entidades locais representou de media

o 10 por cento do total da AOD galega en que se inclúe a Xunta de Galicia. Entre 2016 e 2018 a súa relevancia aumentou até o 15 por cento da AOD galega, situándose na décima posición na clasificación autonómica por esforzo inversor. Pero Galicia está lonxe do protagonismo político e financeiro que a cooperación municipalista ten noutras Comunidades Autónomas como Aragón, Navarra, Asturias, A Rioxa ou Castela e León.

- UNHA COOPERACIÓN RESCATADA DO NAUFRAXIO: durante os anos máis duros da crise (2012-2015) a Deputación da Coruña, o Concello de Vigo e as minguantes cotas anuais ao ao Fondo Galego mantiveron con vida a AOD local galega. En 2014 reapareceron con vigor as achegas dos Concellos da Coruña e Oleiros e en 2016 as do Concello de Lugo, pero sen acadar os niveis previos á crise.
- UN FONDO GALEGO DESBARATADO: entre 2008 e 2015 o Fondo Galego perdeu 19 socios entre concellos e deputacións, cunha caída do 79 por cento dos seus ingresos entre 2009 e 2015. Por este motivo, en 2015 e 2016 non realizou a súa convocatoria de axudas a proxectos de cooperación das ONGD galegas ou con delegación en Galicia.

Na segunda metade da “década perdida” e dentro do mandato 2015-2019 das corporacións municipais e provinciais acontece a fin da crise en termos da achega global das entidades locais á solidariedade internacional mais coas seguintes características:

- O PROTAGONISMO DAS ENTIDADES LOCAIS MÁIS GRANDES: os dez concellos máis habitados de Galicia e as deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra representaron o 90 por cento do total da AOD local galega.


- A RECUPERACIÓN CON DESPEDIDAS DO FONDO GALEGO: as entidades locais recuperaron as súas achegas á cooperación municipalista e doce incorporáronse como socias ao Fondo Galego, que chega en 2018 aos 100 asociados. Malpocadamente, en 2016 causou baixa o Concello de Vigo, un dos principais valedores históricos do Fondo Galego a nivel de recursos financeiros.
- UN FEIXE DE ENTIDADES LOCAIS LÍDERES: en 2018 o esforzo inversor situouse no 0,03 por cento do orzamento total consolidado e en 0,32 € por habitante, aínda lonxe do teito histórico do ano 2008. A nivel estatal, en 2017 a media inversora das Entidade Locais estaba situado no 0,09 por cento do seu orzamento total consolidado e 1,24 € por habitante. Por riba desta media situáronse en 2018 os Concellos de Oleiros, Santiago de Compostela e Lugo co seguinte esforzo inversor: Oleiros co 0,19 por cento do orzamento total consolidado e 1,52 € por habitante; Santiago de Compostela co 0,14 por cento do orzamento total consolidado e 1,49 € por habitante; e Lugo co 0,1 por cento do orzamento total consolidado e 0,96 € por habitante. A Deputación da Coruña destinou o 0,1 por cento do seu orzamento total consolidado pero esta porcentaxe unicamente representa 0,16 € por habitante da provincia.
- A IMPREVISIBILIDADE DAS ENTIDADES LOCAIS SOLIDARIAS VETERANAS: Tanto o Concello da Coruña como o de Lugo mantiveron unha dinámica imprevisible nos seus desembolsos de AOD, ben cun volume minguanse no caso da Coruña (-76 por cento entre 2016 e 2018), ben con compromisos significativos en anos alternos no caso de Lugo. A Deputación da Coruña mantívose no liderado da cooperación local en Galicia en volume de AOD pero cunha redución moi significativa dos seus recursos (-46 por cento entre 2016 e 2018).



- UNHA APOSTA EXEMPLAR, PERO ILLADA, POLA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA: os Concellos de Oleiros, Santiago de Compostela e Vigo aumentaron os seus desembolsos de AOD entre 2014 e 2018. No caso de Vigo un 79 por cento, Oleiros un 415 por cento e Santiago de Compostela pasou de achegar unicamente a cota anual ao Fondo Galego de arredor de 5.000 € a desembolsar 153.000 € en 2018.

En relación ao esforzo inversor por habitante das sete grandes cidades galegas, existen motivos para a esperanza en Santiago de Compostela, Vigo, Lugo e Pontevedra, mais tamén para a frustración no caso da Coruña, Ferrol e Ourense, como podemos comprobar no seguinte gráfico.

GRÁFICO 2. COMPARATIVA DE ESFORZO INVERSOR €/HABITANTE  
DAS SETE GRANDES CIDADES GALEGAS EN 2009 E 2018



Fonte: elaboración propia

En síntese, e malia a variabilidade anual do panorama da cooperación municipalista galega, podemos caracterizala do seguinte xeito a finais de 2018:

En Galicia, o Fondo Galego constitúe o principal actor da cooperación municipalista estando integrado actualmente por 97 concellos e tres deputacións (A Coruña, Lugo e Pontevedra). Coa excepción da Deputación da Coruña e os Concellos de Lugo, Santiago de Compostela, Oleiros e Vigo, os convenios co Fondo Galego e as súas cotas anuais representan a principal achega económica municipal á cooperación internacional xunto coas numerosas axudas nominativas ao programa “Vacacións en paz” destinado a nenos e nenas saharauís e xestionado pola asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

A maioría dos concellos e deputacións activas na cooperación municipalista integran esta política pública nas súas áreas de Benestar Social, Servizos Sociais ou Igualdade, cun predominio de mulleres á fronte da responsabilidade política e técnica desta área. A maioría das entidades locais non conta con persoal especializado en cooperación e ningunha ten persoal con dedicación en exclusiva a esta materia. A Rede Municipalista Solidaria do Fondo Galego constitúe o principal mecanismo de coordinación, formación e intercambio de aprendizaxes e experiencias entre o persoal técnico da administración local.

Con excepción dos Concellos de Burela, Oleiros e Redondela a cooperación internacional non figura na denominación oficial das concellarías. A Deputación da Coruña, pola súa banda, conta cunha sección especializada en cooperación entre outras materias. Ao tempo, non existen irmandamentos de cooperación activos entre os concellos galegos e gobernos locais dos países empobrecidos, con excepción do establecido entre o Concello de Ames e a Cámara Municipal de Tarrafal (Cabo Verde). En relación á cooperación técnica, estase a desenvolver a través do programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego destinado a persoal técnico das entidades locais socias e tamén a persoal das súas institucións municipais parceiras en Cabo Verde e Mozambique.

Existen dous consellos municipais de cooperación e solidariedade en Vigo e Santiago de Compostela. O primeiro carece de capacidade de influencia na orientación da cooperación municipalista viguesa e o segundo constitúese apenas en 2019. A maiores, o Fondo Galego conta cun Consello Municipalista de Coopera-

ción cun funcionamento esporádico e vinculado á convocatoria de proxectos de cooperación para ONGD desta institución.

Aínda que as axudas nominativas e os convenios son o instrumento preferente de canalización dos recursos orzamentarios, os Concellos de Santiago de Compostela e Lugo e a Deputación da Coruña revolven convocatorias públicas de axudas en cooperación internacional e sensibilización e educación para o desenvolvemento para ONGD. O Fondo Galego tamén dota dúas convocatorias de proxectos de cooperación, unha dirixida a ONGD e outra a Municipios mozambicanos. En total, un 56 por cento da AOD local galega canalizouse a través da concorrència competitiva. De media, os proxectos de cooperación financiáronse con 15.000 € e os de sensibilización con 5.000 €. No caso do Concello de Compostela o seu financiamento acada os 20.000 € por proxecto en cooperación, mentres que o Fondo Galego achega 45.000 € de media aos proxectos de ONGD.

Unicamente o Fondo Galego conta cunhas liñas estratéxicas propias. As entidades locais con convocatorias de axudas reflicten nas bases a súa visión estratéxica e preferencias aliñadas co IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021). Excepcionalmente, o Concello de Oleiros conta cunhas bases de financiamento de programas de cooperación para o desenvolvemento que recollen a súa concepción política e ideolóxica da cooperación no marco do internacionalismo solidario.

Os concellos e deputacións galegas colaboran activamente co programa Vacacións en Paz da Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, coa acollida no verán de menores ucráinos afectados pola radiación de Chernóbil a través de Leticia Cativa, e con UNICEF. Tamén levan a cabo actividades de carácter caritativo-asistencial ou promoven as viaxes de solidariedade de cargos públicos. Mais o aprovisionamento e compra de produtos de comercio xusto apenas ten unha presenza testemuñal. Por outra banda, o Concello de Vigo desvinculouse do Fondo Galego e canaliza os seus recursos en cooperación a través de convenios con ONGD (Solidariedade Galega co Pobo Saharauí) e os comités en España de axencias das Nacións Unidas (UNICEF, ACNUR).

Á luz desta imaxe global do sistema galego municipalista de cooperación, o mandato municipal 2019-2023 debería caracterizarse por dous feitos:

- A CAPILARIDADE DA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA: xerando un maior músculo financeiro e institucional máis alá das entidades locais máis grandes a partir dun maior compromiso con esta política pública.
- O ACOMPAÑAMENTO DAS SETE GRANDES CIDADES E DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS: motivando ao seu liderado e iniciativa e dotando de estabilidade e previsibilidade á política pública de cooperación municipalista nun horizonte de maior compromiso político, institucional e financeiro no marco do modelo SMART de cooperación municipalista.

Os ventos son propicios para esta segunda navegación da cooperación municipalista que deixe atrás a década perdida. Porque como indicabamos no capítulo 2, identificamos toda unha serie de oportunidades para que a solidariedade internacional gañe presenza no espazo público e na axenda política municipal:

- O mandato municipal 2019-2023 cun predominio de gobernos progresistas nas principais cidades e vilas galegas e nas deputacións, con excepción de Ourense.
- A probable reinstalación da cooperación para o desenvolvemento na axenda política estatal no marco da coherencia de políticas para o desenvolvemento e da estratexia estatal de desenvolvemento sustentable.
- O impulso da localización da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable por parte da Unión Europea, o Goberno central, a Xunta de Galicia, as entidades locais e a FE-GAMP, proceso en que se inclúe a cooperación local para o desenvolvemento no seu ODS 17. Na actualidade este

- proceso estase a dinamizar a través do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía ao que xa están adheridos 231 concellos galegos, mais a curto e medio prazo os concellos e deputacións deberán aliñar os seus orzamentos e as súas políticas públicas cos ODS e as súas metas, adaptadas a cada contexto territorial a través de sistemas específicos de indicadores que se están a elaborar polo Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística.
- A aprobación da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia que reconece a acción exterior das entidades locais e a súa competencia no eido da cooperación e a solidariedade global.
  - A elaboración e aprobación de Bases de Acción Exterior (BAEX) para a orientación estratéxica e operativa da acción exterior dalgunhas das grandes cidades galegas e deputacións.
  - A consolidación das alianzas de traballo entre a Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego para a transición cara a un modelo de cooperación municipalista para a transformación social promovido polas entidades locais.
  - A necesaria integración institucional e operativa da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento na FE-GAMP no marco do seu programa 2019-2023.
  - O reforzamento da capacidade institucional, técnica e operativa do Fondo Galego para prestar servizos de valor engadido ás entidades socias.

Este conxunto de oportunidades poden actuar como catalizadoras do impulso e transformación da política pública de solidariedade global en Galicia. Un proceso de cambio que alimenta unha esperanza pola que non fai falla agardar como mostra o

vindeiro capítulo dedicado a experiencias de cooperación local en Galicia e que coidamos “sementes de xustiza global”. Estas experiencias podémolas complementar co efecto dinamizador e catalizador que a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable vai representar para o municipalismo pola necesaria localización dos 17 ODS polos gobernos locais no conxunto das súas políticas públicas, tal e como analizamos anteriormente. Xa que logo, a nova axenda do municipalismo solidario galego para a “década da esperanza” no horizonte do 2030 acolle todos os referentes e circunstancias locais e globais que temos analizado tomando como base e punto de partida cinco compromisos básicos que temos contextualizado e sintetizado a xeito de manifesto.

#### UN MANIFESTO: CONCELLOS E DEPUTACIÓNS MÁIS SOLIDARIOS.

##### 5 COMPROMISOS BÁSICOS

A humanidade e o noso planeta están a afrontar tres desafíos globais que non entenden de fronteiras e nacionalidades: a pobreza, as desigualdades e a crise ecolóxica. Tres retos que poñen en serio risco a sustentabilidade e continuidade da vida humana e non humana na Terra común. Moitos deses procesos xa están a afectar aos nosos concellos urbanos e rurais: o aumento das desigualdades e da pobreza e exclusión froito da precariedade laboral e o desemprego, a deslocalización empresarial, a crise demográfica, as consecuencias do cambio climático (inundacións, secas, incendios forestais, etc.), a acollida de emigrantes e persoas refuxiadas que foxen da pobreza, os conflitos armados, os desastres naturais ou a vulneración dos dereitos humanos, etc. Estas fracturas sociais, económicas e ambientais teñen un maior impacto nas persoas máis vulnerables: as mulleres e nenas, a infancia, as persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes, e as persoas e colectivos en risco de exclusión social ou obxecto de múltiples discriminacións (persoas traballadoras pobres, minorías culturais, colectivos LGTBI, emigrantes, etc.).

Por este motivo, a interdependencia común froito da globalización demanda que os nosos territorios cotiáns de convivencia e

veciñanza dean resposta colectiva e responsablemente a estes retos planetarios para construír comunidades locais con maior cohesión e xustiza social, equidade, benestar e sustentabilidade ambiental. Simultaneamente, os concellos e deputacións debemos ser quen de proxectar internacionalmente as nosas políticas de solidariedade social, económica e ambiental en favor das persoas e pobos empobrecidos co fin de contribuír á superación dos retos e desaffos globais. Por este motivo, de cara ao novo mandato 2019-2023:

1. Recoñecemos a cooperación internacional para o desenvolvemento como unha política pública social irrenunciable que pode e debe ser liderada e xestionada desde a administración local como expresión da solidariedade da nosa cidadanía e veciñanza coas persoas e pobos empobrecidos e do seu compromiso co desenvolvemento humano sustentable.
2. Compartimos a visión da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas que nos convoca a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e constrúa a paz baseada na xustiza e os dereitos humanos, e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo desde o poder local.
3. Fortaleceremos o noso compromiso solidario internacional a través de medidas que garantan unha política pública de cooperación municipalista para o desenvolvemento planificada, previsible, participada e participativa, de calidade, eficaz e transparente, e reforzaremos as nosas capacidades no marco dun maior financiamento que responda ao compromiso internacional do 0,7 por cento.
4. Impulsaremos os procesos necesarios e dotaremos recursos suficientes para a localización da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable nos nosos concellos e deputacións contando coa participación activa da cidadanía e das organizacións da sociedade civil, traballando en rede e dialogando cos gobernos locais dos países empobrecidos.

5. Reforzaremos o noso traballo conxunto e as alianzas coas ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e fomentaremos a construción dunha cidadanía activa, crítica, solidaria e con conciencia global mediante programas e actividades de sensibilización e educación para o desenvolvemento e cidadanía global.

Esta renovada axenda do municipalismo solidario galego pódese despregar dun xeito diverso e plural combinando nunha tripla hélice as tres dimensións básicas de calquera proceso de transformación persoal e institucional: querer, saber e poder. Estas dimensións, de vez, despréganse nos seguinte quince elementos que se coidan necesarios para asegurar unha política pública de cooperación que avanza cara a un modelo de cooperación municipalista SMART para a transformación social.

TRIPLA HÉLICE	ELEMENTOS
<b>Querer</b>	1. Vontade e compromiso político.
	2. Consenso político.
	3. Demanda e respaldo social da cidadanía.
	4. Demanda e/ou compromiso do persoal da administración local.
<b>Saber</b>	5. Visión estratéxica, formalizada ou non.
	6. Formación específica na axenda global de desenvolvemento sustentable e política pública de cooperación municipalista.
	7. Xestión activa do coñecemento a través da aprendizaxe continua, a innovación, a avaliación e o intercambio de experiencias e boas prácticas.
	8. Transparencia e rendición de contas para o saber público da cidadanía.



<b>Poder</b>	9. Exercicio activo de competencias en cooperación municipalista para o desenvolvemento.
	10. Recursos económicos estables e previsibles no horizonte do 0'7 %.
	11. Capacidades técnicas.
	12. Estrutura institucional cunha área especializada.
	13. Alianzas e traballo en rede a nivel galego, estatal, europeo e internacional.
	14. Espazos de participación social e coprodución da política pública de cooperación municipalista (Consellos Locais, Foros Sociais, portas abertas).
	15. Instrumentos (convenios, convocatorias de axudas).

Estes quince elementos serven, ademais, para avaliar e diagnosticar dun xeito rápido a situación da política pública de cooperación nas diferentes entidades locais, servindo de punto de partida para un itinerario personalizado de mellora, consolidación e fortalecemento da cooperación municipalista. Como xa indicamos, esta política pública caracterízase polas capacidades diferenciadas e as responsabilidades compartidas. En primeiro lugar, porque cada entidade local debe participar neste proceso en función das súas capacidades e recursos dispoñibles, mais con fidelidade a unha visión comprometida coa transformación social global desde o local. En segundo lugar, porque a construción colectiva dunha renovada axenda do municipalismo solidario galego demandará unha distribución de responsabilidades en que determinadas entidades locais asuman un rol de liderado que promova, fomente e apoie a acción local pola xustiza global nun proceso de concienciación, apropiación e posta en marcha con base en relacións de axuda mutua, colaboración e cooperación entre administracións e cos axentes de cooperación, especialmente o Fondo Galego e a CGONGD.

Por estes motivos, para pasar da “década perdida” e chegar á “estación esperanza” as persoas, organizacións sociais e institucións comprometidas co ben común, a dignidade e o cultivo da humanidade desde o local debemos conspirar, entendido no senso latino de *con-spirare*, respirarmos xuntos. Unha conspiración para que, desde a confianza mutua, a crenza nas nosas posibilidades, a motivación recíproca, e a autoestima individual e colectiva, nos sintamos con azos, coraxe e folgos para superar calquera negativa tallante, preguiza, resistencia ou veto a facer de Galicia un laboratorio solidario de transformación social local e global.



O BIG BANG MIUDIÑO.  
NOVE EXPERIENCIAS DE COOPERACIÓN  
MUNICIPALISTA

No 1840 o filósofo e socialista utópico francés Étienne Cabet (1788-1856) publicaba *Viaxe por Icaria*, un texto que soñaba a construción dunha sociedade comunista fraterna e feliz. Aquela comuna aspiraba a un espazo de convivencia unido, libre, ordenado, educado, gobernado pola intelixencia e a razón e onde cada persoa contribuíse segundo as súas capacidades e recibise consono ás súas necesidades, tal e como se expresaba no aforismo que ilustraba a portada do libro: “De cadaquén segundo as súas capacidades, a cadaquén segundo as súas necesidades”. Este estudo quere ser fiel a este aforismo como xa sinalamos, recoñecendo as capacidades diferenciadas e as necesidades diversas dos concellos e deputacións galegas. Porque a cooperación municipalista caracterízase, ademais, pola súa pluralidade e heteroxeneidade, unha diversidade que se reflicte nas experiencias e prácticas de solidariedade e xustiza global que os concellos e deputacións galegas levaron a cabo durante os últimos anos.

Nos nove estudos de caso que presentamos, identificamos sementes de xustiza global na cooperación municipalista galega<sup>1</sup>. Un

1. Estes estudos de caso abranguen temporalmente até o final do mandato municipal 2015-2019. O vixente mandato municipal 2019-2023 fica excluído destes estudos de caso.

Big Bang miudiño para a “década esperanzada” da solidariedade global galega, unha explosión de enerxías e compromisos desde a que o sistema no seu conxunto pode expandirse e evolucionar con fidelidade ao modelo SMART de cooperación municipalista. Non obstante, esta escolma de experiencias mostra como no camiñar solidario das entidades locais podemos atopar dous tipos de estacións: unhas que convocan a nosa simpatía polo presente e o futuro que está a chegar, e outras que xeran insatisfacción verbo das escollas institucionais respecto de como orientar e xestionar a cooperación municipalista. Porque somos conscientes de que as políticas públicas de solidariedade global non son, que están sendo, que mudan e se transforman, porque son o resultado dunha aprendizaxe social, dun proceso de negociación constante e reflicten uns sistemas de crenzas e valores prioritarios (Chaqués, 2004). O noso reto e desafío, xa que logo, será crear espazos e tempos para concertar un consenso amplo sobre a nova axenda solidaria do municipalismo galego que fomente os encontros, a confianza mutua e a vontade de construír en man común o mellor dos modelos posibles de cooperación municipalista para Galicia.

#### FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. O VALOR DA RESILIENCIA

No cabo do ano 2012, os concellos e deputacións agrupados no Fondo Galego aprobaban unha declaración institucional, un toque de alerta e emerxencia titulado “A crise non poderá coa solidariedade do municipalismo galego”. A enxurrada dos recortes e axustes nos orzamentos públicos estaban a asoballar as migallas económicas coas que os gobernos locais contribuían á misión do Fondo Galego, e un puñado de persoas comprometidas co ben común global desde o poder local daban o sinal de alarma.

Porque o Fondo Galego foi carneiro expiatorio e vítima do tsunami, tormenta perfecta ou terremoto do cataclismo financeiro que derivou en crise fiscal e económica. Aquela crise “ninja”, enforcada polos kamikazes da especulación internacional nas décadas da exuberancia irracional das burbullas, provocou fendas nos orzamentos públicos e xustificou medidas de austeridade traducidas en recortes nos dereitos sociais e nas políticas de solidariedade. Ao tempo, derivou na desconfianza respecto dos poderes locais, alentou leis e medidas recentralizadoras e estimulou no imaxinario colectivo a nacionalización da solidariedade, co temerario dilema de escoller entre pobres propios e alleos.

O Fondo Galego sentiu en carne propia a trabadura da crise: dúas deputacións e dezasete concellos abandonan o Fondo Galego; non se subscribe en 2013 o convenio coa Xunta de Galicia que desde 2000 financiara o plan de sensibilización nos concellos, reducíndose á metade no lustro seguinte; muda de sede a súa secretaría técnica en dúas ocasións até ficar en Pontevedra de forma estable; e nos anos 2015 e 2016 non se realiza a convocatoria de proxectos de cooperación de ONGD que se viña resolvendo sen interrupción desde 1999 por carencia de fondos suficientes. Toda esta ladaíña de infortunios, situaba o Fondo Galego ante o risco dunha desestabilización institucional que podía hipotecar súa continuidade e viabilidade, estragando quince anos de esforzos colectivos do municipalismo solidario.

A Declaración Institucional de decembro de 2012 sintetizaba a experiencia histórica do Fondo: “este esforzo [de cooperación] tense levado a cabo con máis entusiasmo que dotacións económicas ambiciosas”. Un labor afervorado mais sempre en disposición de resiliencia polo magro apoio dos gobernos locais. Por este motivo, mentres se tecían alianzas e experiencias de traballo en rede e se consolidaban iniciativas como a Rede Solidaria Municipalista, o programa Vacacións con Traballo e o Consello Municipalista de Cooperación,

o Fondo Galego sempre ollaba de esguello e mantiña os sentidos alerta para anticiparse e prever ameazas, acontecementos adversos ou desastres. Quizais este adestramento instintivo permitiu ao Fondo afrontar as nefastas consecuencias da súa maior crise, recuperarse, adaptarse e volver prosperar e agromar con vigor renovado.

Desde a súa fundación en 1997 por dez concellos pioneiros (Allariz, Arteixo, O Carballiño, Corcubión, Culleredo, Fene, O Irixo, Moaña, Nigrán, Oleiros e Porto do Son) acompañados polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) e a FEGAMP, o Fondo Galego remou sempre a contracorrente: promovendo o pluralismo político, lidando co minifundismo e os personalismos, superando as desconfianzas, mancomunando vontades e esforzos solidarios. Na súa orixinal Declaración Programática, o Fondo Galego apostaba pola cooperación para a transformación social e por estender a rede solidaria global do poder municipalista á maior parte dos concellos e deputacións con fidelidade a unha identidade e estilo propios coherentes coa vontade de ser e facer no mundo desde Galicia. Coa vontade de cooperar para transformar, o Fondo Galego deixou pegada principalmente en Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú e Mozambique cos seus parceiros da Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos, co Instituto de Promoción Humana de Somoto, coa Oficina do Conservador de Santiago de Cuba, coas peruanas Tierra de Niños e o Centro de Promoción del Desarrollo y la Educación (CEPRODE), e coa Fundação Encontro e Associação Nacional dos Municípios de Mozambique en que se integra a Rede de Mulleres Autarcas. Mais tamén en Sri Lanka, Mozambique, Perú, Siria, Cuba, Haití ou Palestina e República Árabe Saharauí por mor de diversas emerxencias provocadas por catástrofes naturais e desastres humanitarios.

Para dar continuidade ao ronsel de actividades de cooperación para a transformación social, durante a crise o Fondo Galego multiplicou os seus esforzos para traballar en rede e innovar:

- Participou entre 2010 e 2017 como entidade asesora no proxecto europeo “Redes para o desenvolvemento” en parcería co Instituto Marqués de Val Flor de Lisboa e a ONGD alemá FINE+P, ás que se unirían nunha segunda fase o Consello Nacional de Irmandamentos Municipais Países Baixos–Nicaragua (LBSNN). Este proxecto deu lugar á creación en Portugal no 2013 da Rede Intermunicipal de Cooperación ao Desenvolvemento integrada por trece Cámaras Municipais e baseada no modelo do Fondo Galego.
- Promoveu a creación en 2016 da Alianza Europea de Redes Locais de Cooperación Internacional canda outras oito entidades integradas por municipios de distintas comunidades autónomas españolas e municipios de Italia, Países Baixos e Portugal xunto coa União das Cidades Capitais de Língua Portuguesa. Con todo, esta iniciativa non chegou a consolidarse institucionalmente.
- Participou nas actividades promovidas por Cidades e Gobernos Locais Unidos (CGLU) e asiste ao Foro Mundial de Desenvolvemento Local celebrado en Cabo Verde no 2017 e organizado por CGLU e o PNUD.
- Reforzou a súa actividade de sensibilización cos concellos socios e profesionalizou a súa comunicación pública.
- Intensificou o seu traballo conxunto coa Coordinadora Galega de ONGD na defensa da política pública de cooperación e na configuración dun xenuíno sistema galego de cooperación para o desenvolvemento.
- Formalizou en 2013 a Irmandade Galicia-Cabo Verde co fin de visibilizar o traballo en parcería coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos.
- Asumiu en 2017, co gallo do vinte aniversario da súa adhesión, a Presidencia da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade constituído en 1995 e en que se



integran os nove Fondos de Cooperación municipalista existentes en España.

- Innovou coa apertura dunha convocatoria de cooperación directa con municipios de mozambicanos co apoio da Associação Nacional dos Municípios de Mozambique así como coa proposta de Vacacións con Traballo en Galicia en que vén participando persoal municipal de Cabo Verde e Mozambique.
- Achegou un servizo externo de apoio técnico na avaliación de propostas e seguimento da convocatoria pública de axudas para proxectos de cooperación e sensibilización do ano 2018 do Concello de Lugo.

Nos seus vinte e dous anos de historia, o Fondo Galego exemplificou o valor da resiliencia en canto axencia de cooperación para o desenvolvemento do municipalismo galego, mais de cara ao horizonte 2030 o conxunto de entidades socias deberán apostar por que sexa exemplo de apoderamento institucional e cidadá a través das seguintes medidas:

- Homologar a estrutura técnica do Fondo Galego ao do resto de Fondos de Cooperación municipalista para dotar de estabilidade ao acompañamento e aos servizos ofrecidos ás entidades socias, reforzar a capacidade de xestión da cooperación directa e incrementar o valor dos retornos ás entidades sociais e á súa cidadanía.
- Renovar as súas liñas estratéxicas reforzando a actuación nos países lusófonos menos adiantados de África Subsahariana (Mozambique e Guiné-Bissau) mais reflexionando sobre o valor engadido da cooperación municipalista no acompañamento aos países de renda media como Cabo Verde, dando continuidade á Irmandade Galicia-Cabo Verde.

- Duplicar os recursos xestionados polo Fondo Galego a través da dotación xenerosa dunha convocatoria de proxectos de cooperación que financie proxectos e programas a medio e longo prazo con maior impacto, eficacia e sustentabilidade a través do aumento da media de financiamento. Esta convocatoria podería tanto centralizar os recursos que os concellos están a destinar a convocatorias propias e que están a xerar dificultades técnicas para a súa valoración, seguimento e avaliación, como fortalecer a convocatoria de proxectos de cooperación directa executados por municipalidades dos países socios.
- Aliñar os proxectos e programas de cooperación cos ámbitos da cooperación técnica municipalista e do fortalecemento da sociedade civil con enfoque de dereitos humanos, igualdade de xénero e desenvolvemento sustentable.
- Reforzar a capacidade técnica do Fondo Galego cun servizo de asesoría e xestión de proxectos que acompañe os concellos e deputacións con convocatorias de cooperación e ou educación para o desenvolvemento.
- Reactivar a Comisión de Cidades e Deputacións a través da activación do modelo SMART de cooperación municipalista para a transformación social.
- Dar continuidade ao traballo en redes internacionais e promover a configuración de alianzas estables cos axentes portugueses de cooperación no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Na primavera de 1968 as revoltas estudiantís universitarias en Compostela atoparon un himno de liberación no espiritual americano popularizado por Joan Baez “We shall overcome”, un gospel que o poeta Xosé Luís Franco Grande traducira con notable acerto como “Venceremos nós” e o virtuoso Xosé Manuel Beiras adaptara

musicalmente. Este canto de rebeldía animaba á esperanza desde a resiliencia: “Venceremos nós, venceremos nós / algún día venceremos. / Dende o fondo da noite / dime o corazón / algún día venceremos”. Pasada a noite da crise e no abrente dun novo tempo no marco do emerxente proceso de localización da Axenda 2030 das Nacións Unidas onde cada terra será como se fose o mundo enteiro, o Fondo Galego ten vimbios abondo para desenvolver unha tripla misión ao servizo da cooperación municipalista: en primeiro lugar, sendo activadora, mobilizando recursos e prestando servizos tanto aos concellos e deputacións como aos aliados nos países socios. En segundo lugar, sendo catalizadora e despregando a súa enerxía colectiva e capacidade para inspirar, facilitar e contribuír ao pensamento e acción municipalista en chave de cambio e transformación social. E, en terceiro lugar, sendo un socio confiable para o traballo en rede a construción de capacidade e o fortalecemento institucional. Os tempos son chegados, logo, para que o Fondo Galego abandone a súa condición de promesa resiliente para configurarse como un dos piares fundamentais do sistema galego de cooperación.

#### DEPUTACIÓN DA CORUÑA: UN HÉRCULES TÍMIDO

As cidades nacen e morren na historia, habitando na memoria colectiva como lembranzas, pero tamén na Historia, como relato fiel ou lenda mítica. As lendas xorden no tempo pola man anónima do pobo ou pola autoría de quen recrea xenealoxías de prestixio, aventuras extraordinarias e aconteceres extravagantes. No caso da lenda e mito do Hércules matador do xigante Xerión, fundador da antiga Crunia, e construtor da primitiva torre-faro, un rei sabio, o Afonso X, outorga carta de natureza escrita a este relato que canoniza na súa *Estoria de Espanna* no século XIII.

A lenda nárranos a vida dun tirano terrible, o xigante pastor Xerión que, con tres testas e tres torsos, reinaba en Eritea, unha das míticas Hespérides, no occidente afastado do mar Mediterráneo. Voraz confiscador de bens e persoas, obrigaba os seus aterrizados súbditos a entregarlle a metade dos seus recursos, fillos incluídos. Mais a salvación chegaría alén mar, cando Hércules navega para cumprir co décimo dos seus traballos: roubarlle o seu rabaño de vacas vermellas e bois custodiadas polo can de dúas cabezas Ortros, fillo da súa irmá Equidna, un monstro metade muller e metade serpe. Encabuxado polo exitoso roubo, Xerión loita con Hércules por tres días con cadansúas noites. Case derrotado polo xigante e desarmado, o Hércules logra atravesar os tres corazóns de Xerión cunha frecha envelenada coa pezoña da hidra de Lerna. Decapitado, Xerión é enterrado á beira do mar por Hércules, que ergue un túmulo de pedra para memoria da súa vitoria e que prolonga nunha torre-faro preto da cidade que funda en lembranza de Crunia, a muller da que namorara naquelas terras inhóspitas. Por este motivo, o escudo da cidade e da provincia da Coruña contén a macabra imaxe, quer dunha caveira coroada, quer dunha testa de rei decapitada, soterrada aos pés da torre de Hércules.

Aquel Hércules, heroe e guerreiro, superou doce probas en expiación polo asasinato da súa muller e fillos —un crime de violencia machista inducida pola loucura que a deusa Hera lle provocou—, e a súa sonda converteuno no principal heroe da mitoloxía grecorromana. E se en Galicia podemos falar de heroes históricos da cooperación para o desenvolvemento, este título abofé que recaería na Deputación da Coruña por varios motivos:

- Destinar unha media do 0,23 por cento de esforzo investidor en Axuda Oficial ao Desenvolvemento desde o ano 2006, acadando o seu máximo histórico do 0,39 por cento

- en 2008 e nunca baixando do 0,1 por cento do seu orzamento total consolidado.
- Contar cunha unidade administrativa con persoal estable e especializado en cooperación para o desenvolvemento que recibe a denominación de Sección de desenvolvemento territorial, cooperación e medio ambiente.
  - Establecer a concorrència competitiva como marco para a concesión das axudas e subvencións en cooperación internacional e educación para o desenvolvemento desde o ano 2016.
  - Colaborar en iniciativas multiactor de desenvolvemento en alianza coa Xunta de Galicia en Guatemala e República Dominicana no marco das Iniciativas Integradas de Desenvolvemento promovidas pola Cooperación Galega.
  - Promover a sensibilización cidadá a través de iniciativas innovadoras como a ventureira mostra Cine África que, desafortunadamente, unicamente celebrou dúas edicións en 2009 e 2010.

Malia o seu desempeño senlleiro, a Deputación da Coruña comportouse coma un Hércules tímido que non soubo pór en valor e capitalizar a súa experiencia e traxectoria en cooperación. Porque o sistema galego de cooperación debece por liderados exemplares e inspiradores que sexan referentes e prendan co lume do seu facho as cacharelas solidarias doutras administracións locais. En consecuencia, a Deputación posúe fortalezas e capacidades suficientes para espreguizarse e combater o apoucamento e desempeñar un rol máis activo na promoción da cooperación para o desenvolvemento no eido local a través das seguintes medidas:

- Integrar as súas actuacións de cooperación para o desenvolvemento nun marco estratéxico de acción exterior e do-

- tarse dunha estratexia específica de cooperación cun marco orzamentario plurianual.
- Establecer un programa de apoio ás políticas locais de cooperación para o desenvolvemento no eido da formación, intercambio de experiencias e sensibilización e educación para o desenvolvemento en colaboración co Fondo Galego.
  - Explorar a construción participativa de irmandamentos e asociacións locais para o desenvolvemento con institucións homólogas en alianza co Fondo Galego e concellos da provincia.
  - Apadriñar financeira e institucionalmente o programa Cooperación Expandida promovido polo IGADI cunha visión supramunicipal e ao servizo do tecido asociativo e da cidadanía da provincia da Coruña.

#### CONCELLO DA CORUÑA. A CIDADE ABERTA QUE SE BUSCA A SI MESMA

Desde 2006 a Corporación Municipal da Coruña coñeceu a alternancia no seu liderado político: PSdG-PSOE (2006-2011), PPdG (2011-2015) e Marea Atlántica (2015-2019). Dun xeito ideal, a alternancia na dirección do poder local e da xestión municipal cóidase unha condición necesaria para a existencia dun contraste e debate público de alternativas respecto do modelo de cidade e do seu compromiso coa solidariedade global. Con todo, a xeira dos gobernos socialistas e populares na cidade sedimentaron as inercias dun compromiso orzamentario xeneroso pero rutineiro coa cooperación internacional e dun modelo de xestión das axudas que apostou ben pola convocatoria pública de subvencións, ben polos convenios nominais con ONGD e co Fondo Galego. En consecuencia, a solidariedade global mantivo un perfil

político e de xestión baixo, mais permitindo —con financiamentos micro— o mantemento de proxectos de cooperación fomentados polas organizacións sociais solidarias locais ou con presenza activa na cidade.

Por este motivo, podemos afirmar que a cooperación internacional para o desenvolvemento non constituíu unha prioridade singular dentro das políticas públicas municipais coruñesas. Na última década o Concello da Coruña non deu un paso decidido cara á construción da visión estratéxica, as estruturas e capacidades administrativas ou os dinamismos políticos e sociais necesarios para unha cooperación máis estratéxica e de alto valor engadido ao servizo dunha política pública innovadora, participativa, coherente, eficaz e coordinada. Non obstante, entre as virtudes da cooperación coruñesa para o desenvolvemento é de xustiza salientar o seu longo e continuado apoio financeiro ás ONGD e aos seus proxectos de cooperación internacional e acción humanitaria e o seu difuso compromiso coa educación para a cidadanía global. Pero as sombras do seu desempeño solidario minguan esta valoración positiva cando a cidade reunía as capacidades suficientes para liderar un proxecto solidario cosmopolita aberto, participativo e innovador que puxese en valor o contrastado compromiso internacionalista da sociedade coruñesa e a existencia dun activo, vizoso e plural ecosistema de ONGD na cidade, constituíndo un tecido social sen parangón en Galicia. A este tecido hai que engadir, ademais, as capacidades e experiencia da Universidade da Coruña en cooperación para o desenvolvemento e a presenza na cidade de organizacións privadas e entidades empresariais líderes en Responsabilidade Social Corporativa.

No mandato municipal 2015-2019, a cidade estívose a buscar a si mesma no ámbito da cooperación internacional no marco dun máis amplo proceso tanto de reflexión estratéxica sobre a acción exterior municipal como de aliñamento coa axenda de des-

envolvemento urbano sustentable promovida pola Axenda 2030 das Nacións Unidas, e que incluíu a sinatura dun memorando de entendemento e un convenio co Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Urbanos (ONU-Hábitat). No eido solidario global, proliferaron as iniciativas espalladas como a integración na rede española de cidades refuxio, unha reacción colectiva de hospitalidade e solidariedade do municipalismo ante a crise das persoas refuxiadas. Tamén se apoiou o programa Cooperación Expandida promovido polo IGADI, unha iniciativa innovadora de dinamización solidaria da sociedade civil coruñesa para a construción de alianzas e redes entre a cidadanía e as ONGD no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e da educación para a cidadanía global. Ademais, tamén se deu continuidade á colaboración institucional e financeira co Fondo Galego e reforzouse o diálogo coa Coordinadora Galega de ONGD, aprobando novos instrumentos de financiamento como a convocatoria de subvencións a actividades de interese social na área de igualdade e diversidade que financia desde 2018 programas no eido da educación para a cidadanía global.

Esta reflexión estratéxica tense materializado na proposta dunhas Bases de Acción Exterior da Cidade da Coruña 2018-2020 (BAEXAC) que sitúan a cooperación para o desenvolvemento como un dos piares da presenza internacional da área metropolitana no marco dunha cidade que reforza o seu compromiso coa defensa activa dos dereitos humanos. Estas Bases abren a expectativa dun impulso global da acción exterior a través dunha visión estratéxica integrada e coherente que, de vez, xere efectos positivos sobre a actuación solidaria global do Concello. Non obstante, recoñecendo o seu valor positivo, a formulación das BAEXAC non aborda cuestións centrais na construción dunha xenuína política pública de cooperación que fican como os retos e desafíos dos vindeiros equipos de goberno municipal:



- O compromiso coa dotación de fondos suficientes para a cooperación para o desenvolvemento no marco dun compromiso co destino do 0,7 por cento do orzamento total consolidado do Concello a esta política pública.
- A elaboración participativa de instrumentos de planificación plurianuais que orienten estratexicamente a política local de cooperación para o desenvolvemento.
- A creación dunha estrutura administrativa especializada e capacitada e de órganos e espazos de participación cidadá no eido da solidariedade global como un Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade.
- A elaboración dunha Axenda Local 2030 con base nos ODS que promova a coherencia de políticas.
- A dotación de convocatorias públicas anuais de axudas para proxectos de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, e da educación para a cidadanía global.
- O fomento dun liderado protagónico do Concello da Coruña no eido da cooperación para o desenvolvemento e a súa participación activa nos espazos e dinámicas de coordinación da cooperación galega.

Nos últimos anos a cidade da Coruña engalanouse con adobíos diversos: Coruña Futura, Coruña Smart City, Coruña Próxima, e repensouse colectivamente como realidade de futuro. Pero quizais o reto urxente do presente sexa renacer con fidelidade á historia dunha cidade aberta e innovadora como xenuína cidade SMART (Solidaria, Mobilizada, Activista, Responsable e Transparente) pola xustiza global.

## CONCELLO DE LUGO. UNHA FIDELIDADE SEN AMBICIÓN

No frío outono de 1994 un furacán solidario varría as rúas e prazas de España. Por vez primeira unha mobilización social sen precedentes reivindicaba que os partidos políticos e as administracións públicas se comprometesen a destinar o 0,7 por cento do Produto Interior Bruto a Axuda Oficial ao Desenvolvemento tal e como aconsellaban as Nacións Unidas aos países ricos. En Lugo as tendas de campaña da acampada polo 0,7 por cento sobreviviron aos temporais da outonía e plantaron a semente dunha cidade comprometida coa solidariedade internacional.

Desde entón, a vella muralla romana non atrancou a vocación global da súa pioneira sociedade civil: os brigadistas do Comité de Solidariedade con América Latina (COSAL) e as comunidades de base cristiás con fortes vencellos con Nicaragua, vínculos que dan lugar ao nacemento de Axunica e ás primeiras exploracións do Comercio Xusto, as iniciativas ecopacifistas, etc. En 1995 nacíu A Cova da Terra —hoxe malpocadamente defuntiña—, unha das primeiras experiencias prácticas de Comercio Xusto en Galicia, no 1997 celebrábase o primeiro Día do Comercio Xusto na cidade, no 2004 agroma o Consello de Asociacións por iniciativa de vinte catro organizacións sociais da cidade, e desde 2014 a plataforma Lugo Xusta impulsa o compromiso da cidade co Comercio Xusto en alianza co Concello e o Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela.

Sensible a este fervellar social, o Concello de Lugo mantívose fiel á cooperación internacional para o desenvolvemento desde finais do século pasado. Gobernado ininterrompidamente polo PSDG-PSOE desde 1999, participou activamente no Fondo Galego e apoia o Comercio Xusto —sendo nomeada Cidade polo Comercio Xusto—, e a súa convocatoria —non sempre anual— de subvencións a proxectos de cooperación e sensibilización social das

ONGD destaca como decana das axudas públicas nesta materia en Galicia.

Non obstante, a pesar deste panorama de simpatías e compromisos firmes e do innegable liderado da cidade no eido do Comercio Xusto, o Goberno Municipal non avanzou coa suficiente ambición e vigor para dotarse dunha xenuína política pública de cooperación local para o desenvolvemento. Por este motivo, os tempos son chegados para demandar un impulso político que fortaleza o compromiso da cidade co desenvolvemento humano sustentable. Cidade pioneira en Galicia na promoción da cooperación internacional e o Comercio Xusto, o mandato municipal 2019-2023 debe abrir un tempo de afáns compartidos e traballo en man común para consolidar Lugo como un referente e un líder da cooperación municipalista afrontando os seguintes retos:

- O recoñecemento do valor estratéxico da cooperación para o desenvolvemento do Concello de Lugo co fin de garantir a súa transversalidade política e a súa continuidade con independencia do grupo político que presida a Corporación Municipal.
- A integración da cooperación para o desenvolvemento como un obxectivo específico nas Bases de Acción Exterior do Concello de Lugo que se atopan en proceso de elaboración.
- A creación dun Consello Municipal de Cooperación, Solidariedade e Comercio Xusto para a construción horizontal e participativa da política municipal de solidariedade global.
- A elaboración participativa de instrumentos de planificación plurianuais que orienten estratéxicamente a política local de cooperación para o desenvolvemento.

- O aumento dos fondos municipais para a cooperación para o desenvolvemento no marco dun compromiso co destino do 0,7 por cento do seu orzamento total consolidado a esta política pública.
- O exercicio efectivo do liderado do Concello de Lugo no eido da cooperación para o desenvolvemento e do Comercio Xusto e a súa participación activa nos espazos e dinámicas de coordinación da cooperación galega.
- O fortalecemento das capacidades humanas e técnicas do servizo administrativo responsable da cooperación para o desenvolvemento no marco dunha Concellería que integre na súa denominación esta política pública.
- A elaboración dunha Axenda Local 2030 con base nos ODS que promova a coherencia de políticas.
- A mobilización dos axentes sociais e económicos da cidade para manter o selo internacional de Cidade polo Comercio Xusto.

A cooperación municipalista precisa de liderados inspiradores e nutritivos que espreguicen a somnolencia colectiva. Por este motivo, a experiencia e compromiso histórico do Concello de Lugo sitúana na mellor das posicións para marcar o toque de clarín que reactive o municipalismo solidario galego.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.  
DA HOSPITALIDADE XACOBEOA AO COMPROMISO  
COA XUSTIZA GLOBAL

Constitúe un lugar común afirmar que Santiago de Compostela sobrancea como a cidade galega con maior proxección global e internacional: final do mesto tecido dos Camiños de Santiago,

cidade Patrimonio da Humanidade. O valor cultural e espiritual do Camiño de Santiago e a súa revitalización popular nos últimos vinte e cinco anos configuraron un estilo de cidade aberto á hospitalidade e á acollida de peregrinos e turistas. Non obstante, esta rexa hospitalidade desenvolveuse co carácter pasivo dunha cidade anfitrioa, xenerosa no coidado, mais que non deu o paso cara a unha hospitalidade proactiva alongada cara ás demandas da xustiza global.

En 2015, felizmente, comezou un proceso de transformación. Durante o mandato da Corporación Municipal presidida por Compostela Aberta aconteceu un feito único e singular na historia da cooperación municipalista galega: a construción institucional dunha xenuína política pública de cooperación para o desenvolvemento. A través do diálogo activo coas ONGD e a Coordinadora Galega de ONGD —que ten a súa sede social na cidade—, déronse os pasos necesarios para que a cidade contase cun compromiso real co desenvolvemento humano sustentable. Este impulso para converter o Concello de Santiago nun referente da solidariedade global naceu da superación do pesimismo da razón e da vontade que adoita enchoupar os marcos de acción da política municipalista respecto da cooperación para o desenvolvemento. O optimismo da razón afirmou os argumentos a prol do irrenunciábel compromiso solidario internacionalista da cidade; o optimismo da vontade axudou a superar as inercias institucionais e os atrancos administrativos e forneceu as enerxías necesarias para construír alianzas coa sociedade civil e para dotar de recursos unha política pública municipal inédita.

Neste senso, as accións desenvolvidas polo Concello de Santiago de Compostela entre 2015 e 2019 poden servir de exemplo e guieiro para outras corporacións municipais das principais cidades e vilas galegas. Durante ese mandato, a Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos liderou

o proceso para fornecer Compostela dos elementos centrais para unha cooperación municipalista coherente e de calidade coas seguintes medidas e actuacións:

- A cancelación das débedas co Fondo Galego herdadas de anteriores corporacións municipais.
- A posta en marcha desde 2016 do programa anual de sensibilización “Compostela + solidaria” en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD e que ten por obxectivo dar a coñecer a realidade dos países empobrecidos, divulgar o traballo das ONGD galegas e informar á cidadanía das alternativas solidarias e xustas que desde o local contribúen a cambiar o mundo.
- A aprobación no Pleno en xullo de 2018, e por unanimidade de todos os grupos políticos, do regulamento de funcionamento interno do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade.
- O compromiso coa dotación de fondos suficientes para a cooperación para o desenvolvemento consignando o 0,1 por cento e o 0,14 por cento do orzamento total consolidado do Concello a esta política pública en 2017 e 2018 respectivamente.
- A dotación e resolución en 2017 e 2018 dunha convocatoria pública anual de subvencións de cooperación ao desenvolvemento dirixida a ONGD e aliñada coa estratexia de cooperación da Xunta de Galicia.

Todas as virtudes do proceso desenvolvido pola Corporación compostelá precisarían reforzarse nos seguintes aspectos co fin de consolidar o seu carácter exemplar:

- O recoñecemento do valor estratéxico da cooperación para o desenvolvemento do Concello de Santiago de Compos-

tela co fin de garantir a súa transversalidade política e a súa continuidade con independencia do grupo político que presida a Corporación Municipal.

- A integración da cooperación para o desenvolvemento como un obxectivo específico nas Bases de Acción Exterior do Concello de Santiago de Compostela que se atopan en proceso de elaboración.
- A proxección pública do liderado do Concello de Santiago de Compostela no eido da cooperación para o desenvolvemento e a súa participación activa nos espazos e dinámicas de coordinación da cooperación galega.
- A elaboración participativa de instrumentos de planificación plurianuais que orienten estratexicamente a política local de cooperación para o desenvolvemento.
- A creación dun servizo administrativo especializado en cooperación para o desenvolvemento no marco dunha Concellería que integre na súa denominación esta política pública.
- A elaboración dunha Axenda Local 2030 con base nos ODS que promova a coherencia de políticas.
- A activación dun programa ao xeito da Cooperación Expandida promovido polo IGADI na Coruña co fin de establecer alianzas coa vizosa sociedade civil compostelá.

A pesar dos retos pendentes, a experiencia de Santiago de Compostela marca un fito decisivo na historia da cooperación municipalista galega por canto rompeu co círculo da ladaíña de evasivas e escusas que adoitan empregarse como coartada para a xustificación da inacción política na loita contra a pobreza global desde a administración local. Ao tempo, exemplifica as virtudes do diálogo aberto e da escoita activa ás ONGD por canto forneceron ao Concello da experiencia e saberes necesarios para dotarse

dunha política pública local sensible ás demandas da sociedade civil organizada.

### CONCELLO DE VIGO. UNHA CONCIENCIA DO MUNDO A MEDIA LUZ

Existen cidades con capacidade para pasar dun compromiso morno coa cooperación para o desenvolvemento a un compromiso frío, e mesmo a un anticompromiso. Ou con capacidade para brincar do esquecemento a unha entrega retórica afervoada coa loita contra a pobreza global. Nos máis dos casos, todos estes acordos e trasacordos acontecen sen que a opinión pública e sociedade civil —agás unha minoría sensibilizada— perciba discrepancias ou contradicións. Velaquí o caso do Concello de Vigo.

En 1994 o Concello de Vigo creou o pioneiro Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade, a pedimento da Plataforma polo 0,7 %. Malia a existencia deste órgano Colexiado de participación e da sucesiva alternancia política nas últimas dúas décadas na dirección da Corporación Municipal por parte do PSdG-PSOE, PPdG e BNG, a política pública de cooperación do Concello nunca pasou do “crepúsculo interior” que canta o tango “A media luz” popularizado por Carlos Gardel.

Antes de 2015, as principais actuacións do Concello de Vigo centráronse no apoio ao Fondo Galego en cooperación internacional e axuda humanitaria tanto a través da correspondente cota anual como do financiamento de proxectos de cooperación en Nicaragua e Cabo Verde ou na atención específica a emerxencias; na acollida das crianzas saharauís do programa Vacacións en Paz; e o impulso desde 2009 da campaña de sensibilización “Impórtanos” promovida polo Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade. Mais nos anos 2015 e 2016, o Concello de Vigo



vive unha serie de turbulencias respecto do seu compromiso solidario global:

- Adopta unilateralmente a decisión de rachar coa súa colaboración co Fondo Galego e renuncia a ser socio do mesmo no 2016.
- Deixa sen executar un total de 118.000 € do orzamento de cooperación internacional correspondentes aos anos 2015 e 2016.

Ante esta situación de esvaecemento súpeto da cooperación para o desenvolvemento, a Rede Social Galicia Sur, integrada por organizacións sociais e solidarias da cidade, lanza en 2017 o manifesto “Por un Vigo comprometido coa cooperación internacional” acompañado dunha recollida en liña de sinaturas e por una campaña pública de denuncia baixo o lema “Vigo non coopera”. A campaña realizaba unha tripla demanda:

- A aprobación dunha convocatoria pública de subvencións para proxectos de cooperación internacional como o instrumento máis axeitado para executar o orzamento municipal correspondente.
- A valoración do traballo do Consello Municipal de Cooperación prestando atención ás peticións e recomendacións deste órgano consultivo.
- O incremento da cantidade destinada a cooperación internacional co fin de achegarse ao 0,7 por cento do orzamento total consolidado do Concello, tal e como recomenda a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que preside o actual alcalde de Vigo.

A través da denuncia pública e da presión cidadá, a campaña “Vigo non coopera” acadou un éxito relativo:

- En primeiro lugar, o Concello de Vigo desembolsou en 2017 o total do orzamento comprometido en cooperación a través de cadanseus convenios con ACNUR e UNICEF para a atención de persoas refuxiadas en Siria e Iraq.
- En segundo lugar, en 2018 o Concello anunciou que duplicaba en 2019 o orzamento destinado a cooperación financiando convenios con ACNUR, UNICEF, o Programa Mundial de Alimentos, Solidariedade Galega co Pobo Saharauí; o programa municipal de sensibilización “Impórtanos”, e microproxectos de cooperación en Cabo Verde e República Democrática do Congo.

Non obstante, malia estes avances, queda un longo camiño institucional por percorrer para que o Concello de Vigo se dote cunha política pública de cooperación coherente coa súa vontade de actuar como “conciencia do mundo”. En decembro de 2018, co gallo do Día do Voluntariado, o manifesto conxunto da Universidade de Vigo e do Concello de Vigo afirmaba que “Vigo debe aspirar a se converter na conciencia do mundo, nunha cidade sensible, participativa e solidaria” e gababa a Axenda 2030 das Nacións Unidas como plan de acción planetario que conecta o local e o global para “rematar coa pobreza, acadar a igualdade de xénero, conseguir un desenvolvemento económico sustentable e respectuoso co planeta, e fortalecer a paz universal e o acceso á xustiza”. Agora ben, para poderse transformar en “conciencia do mundo”, o Concello de Vigo debería de promover:

- A continuidade no aumento dos fondos municipais para a cooperación para o desenvolvemento no marco dun compromiso co destino do 0,7 por cento do seu orzamento total consolidado a esta política pública.

- A elaboración participativa de instrumentos de planificación plurianuais que orienten estratexicamente a política local de cooperación para o desenvolvemento.
- O recoñecemento do papel imprescindible e fundamental do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade na construción horizontal e participativa da política municipal de solidariedade global.
- A creación dun servizo administrativo especializado en cooperación para o desenvolvemento no marco dunha Concellería que integre na súa denominación esta política pública.
- A recuperación do seu compromiso financeiro co Fondo Galego e a súa participación activa no mesmo.
- A elaboración dunha Axenda Local 2030 con base nos ODS que promova a coherencia de políticas.
- A dotación de convocatorias públicas anuais de axudas no eido da cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, e da educación para a cidadanía global.
- O fomento dun liderado protagónico do Concello de Vigo no eido da cooperación para o desenvolvemento e a súa participación activa nos espazos e dinámicas de coordinación da cooperación galega.

O Concello de Vigo afronta a curto prazo un gran reto: superar unha práctica de cooperación ensimesmada. Consecuentemente, para afrontar o futuro como líder da cooperación internacional municipalista en Galicia, debe recuperar o diálogo coa cidadanía, a sociedade civil e mais co Fondo Galego, reactivando a vontade de innovación e construción colectiva que agromou en 1994. Daquela, o Concello tramou o tecido de alianzas coas organizacións solidarias da cidade, un momento histórico que abriu as portas e prendeu as luces do compromiso solidario internacionalista da cidade olívica.

### CONCELLO DE PONTEVEDRA. “KISH MAT”, A PARTIDA DE XADREZ MÁIS SOLIDARIA

Como memoria de vellos pasatempos, Pontevedra gábase de ser Boa Vila que dá de beber a quen pasa. Porque, acaso negar a auguiña fresca das fontes ou dun regato á persoa viaxante, peregrina ou forasteira non se atopa entre os grandes pecados contra os deberes de hospitalidade? Nos tempos míticos en que se fundaron as cidades, a Pontevedra sen nome nace como terra de acollida de Teucro, heroe da Guerra de Troia, arqueiro habelencioso, fillo do argonauta Telamón, curmán de Aquiles e irmán do malpocado Áiax. Desterrado polo pai, exiliado navegante do Mediterráneo e fundador de cidades: a Salamina chipriota, a Cartaxena ibérica, a Helenes galaica. Un periplo polo mesmo Mediterráneo que no verán de 2015 abriu os ollos e os corazóns de Europa á traxedia da guerra en Siria cando máis dun millón de persoas pediron aos países europeos a auguiña fresca do refuxio.

Ao longo da súa historia, a cooperación municipalista presentou facianas múltiples e diversas, como se fose a deusa grega Hécate ou o deus hindú Brahma. Tres características explican esta natureza de encrucillada de saberes e prácticas: a súa capacidade para acoller unha pluralidade de experiencias posibles de solidariedade e xustiza global, a súa flexibilidade ideolóxica e a súa resistencia á homoxeneización e uniformización. De feito, aínda que se poida suxerir un modelo desexable para unha política pública local de cooperación internacional SMART (solidaria, mobilizadora, activista, responsable e transparente), cada corporación municipal actúa soberanamente á hora de materializar o seu compromiso solidario internacionalista. Así aconteceu no caso do Concello de Pontevedra, gobernado desde 1999 polo Bloque Nacionalista Galego.

Nos últimos vinte anos, a corporación pontevedresa mantivo un perfil baixo no seu compromiso coa solidariedade internacio-

nal. Non obstante, o Concello mantén a súa colaboración estable co Fondo Galego, facilitando unha sede para a súa secretaría técnica, e apostou polo apoio xeneroso a aquelas iniciativas de solidariedade global que emerxen desde a sociedade civil da cidade. Velaquí o caso da Escola de Xadrez de Pontevedra e o seu proxecto “Xadrez, estratexia para a paz” en campos de refuxiados en Xordania con vítimas da guerra en Siria.

A crise de persoas refuxiadas do verán de 2015 conmoveu a sensibilidade cidadá europea e pontevedresa. Axiña agromaron iniciativas espontáneas de hospitalidade, acollida, refuxio e sensibilización. Deseguida a Escola Xadrez de Pontevedra reaccionou en alianza coa asociación Ajedrez sin Fronteras que promove a creación de escolas de xadrez en contextos de conflito, desprazamentos forzados, refuxio e exclusión. Unha convicción e unha evidencia alentaban o proxecto: o xadrez como ferramenta terapéutica integral en beneficio das persoas que viven en campos de refuxiados. O Comité Español de ACNUR acolleu a proposta e, o 19 de setembro de 2015, o Concello de Pontevedra confirmou o seu apoio. Aquele mesma tarde, o xadrez instalouse nas rúas da cidade nunha multitudinaria partida simultánea baixo o lema: “O xadrez cos refuxiados”. O obxectivo: crear unha escola de xadrez no campo de refuxiados sirios en Azraq (Xordania). O nome do proxecto: “Xadrez, estratexia para a paz”.

Desde a Semana Santa de 2015 as persoas voluntarias da Escola Xadrez de Pontevedra visitaron en catro ocasións o campo de refuxiados de Azraq en colaboración con ACNUR e CARE International e mais con UNICEF e Relief International. Nestes catro anos máis de 3000 persoas aprenderon a xogar ao xadrez, foron capacitadas e certificadas como instrutoras de xadrez e construíron xadreces artesanais con pezas recicladas. Ademais, coa colaboración da Federación de Deportes da ONCE, as persoas invidentes refuxiadas puideron aprender o xadrez con taboleiros

adaptados. A Escola de Xadrez en Azraq logrou o seu soño: “abrir un espazo de felicidade no medio do pesadelo”.

O xadrez confirmouse como unha arte e ciencia patrimonio da Humanidade que axudou a socializar, motivou á superación dos traumas persoais e colectivos, facilitou a expresión artística e lúdica e creou un irmandamento virtual entre Pontevedra e Siria coas partidas en liña entre rapazada siria e pontevedresa a través do portal web Playchess, pero tamén un irmandamento real coa sensibilización en colexios e escolas e as campañas de recollida de material educativo e de tapóns para elaborar os xadrecos reciclados.

En 2019 a Escola Xadrez de Pontevedra asumiu un novo reto: crear unha nova Escola de Xadrez en Zaatari (Xordania), o quinto maior campo de refuxiados do mundo. Uns meses antes, en xaneiro de 2018, recibía o recoñecemento e gratitude pública da veciñanza: a Escola Xadrez de Pontevedra era galardoada co Premio Cidade de Pontevedra.

O Concello de Pontevedra apoiou desde un primeiro momento esta iniciativa de solidariedade que quizais non constituía o “Kish mat” (xaque mate, en árabe) definitivo ás dores e fracturas da nosa Humanidade, pero que tece con entusiasmo vínculos de solidariedade, tenrura e coidados entre os pobos. Con todo, as virtudes desta colaboración exitosa entre a sociedade civil e o Concello reafirman a necesidade de que a corporación municipal actúe de xeito máis firme como impulsor e catalizador da solidariedade global na cidade do Teucro coas seguintes medidas:

- A convocatoria de xuntanzas coas organizacións sociais que desenvolven actividades de cooperación en Pontevedra para coñecer as súas demandas e reflexionar colectivamente sobre as posibilidades de colaboración para o impulso da solidariedade global na cidade.

- A continuidade no aumento dos fondos municipais en cooperación para o desenvolvemento no marco da alianza de traballo estable co Fondo Galego.
- O fomento dun liderado protagónico do Concello de Pontevedra no eido da cooperación para o desenvolvemento e a súa participación activa nos espazos e dinámicas de coordinación da cooperación galega.
- A elaboración dunha Axenda Local 2030 con base nos ODS que promova a coherencia de políticas.

### CONCELLO DE AMES. A ESTRATEXIA DO BAMBÚ

Municipio de San Carlos Alzatate, distrito de Jalapa, Guatemala. Unha longa pendente caracteriza a rúa Ames, asfaltada a raíz do irmandamento entre o Concello galego e o municipio guatemalteco, tal e como anunciaba, enriba dun mural de Pepsi, un enorme cartel de agradecemento ilustrado coa fotografía de parte do goberno municipal socialista de Ames no ano 2006.

Câmara Municipal de Tarrafal, Cabo Verde. O técnico municipal de Deportes do Concello de Ames colabora durante quince días para poñer en marcha as escolas deportivas municipais desta vila localizada na illa de Santiago, a maior das quince illas que compoñen o arquipélago africano. En novembro de 2018 un pioneiro convenio de cooperación técnica municipalista asinado entre Tarrafal e Ames formalizaba unha relación de afectos e colaboración que nacera en 2016 coa estadía da técnica municipal de turismo no marco do programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego.

Din as persoas expertas que o cultivo do bambú require dunha gran paciencia e constancia. Sementar,regar adoitado, e agardar. E ao cabo de sete anos, en tan só seis semanas, a planta medra

trinta metros. Unha metáfora semellante describiría o proceso vivido pola vocación solidaria internacional do Concello de Ames: esperar até que xorde unha oportunidade para innovar e tecer uns vínculos solidarios inéditos cunha institución irmá.

En 2006 unha pequena ONG local amesá —Patoj@s— promovía o irmandamento co Municipio de San Carlos de Alzate en que residira e traballara a persoa que actualmente se desempeña como técnico de mediación intercultural do Concello de Ames. Mais a alternancia política na alcaldía esborrallou aquela incipiente fraternidade e acumulou débedas co Fondo Galego. En 2015 unha plural e tripartita coalición en minoría asumía o goberno municipal abonando as cotas atrasadas do Fondo Galego e recuperando as actuacións en cooperación internacional no marco da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade. A súa participación activa no Fondo Galego axiña conectou coa sensibilidade e motivación do persoal municipal. En 2016 a técnica de turismo do Concello é seleccionada para participar en Vacacións con Traballo, o programa de sensibilización e cooperación técnica cos parceiros de desenvolvemento do Fondo Galego dirixido a persoal das administracións locais galegas. Canda ao técnico de Turismo do Concello de Ourense, apoiou durante un mes a iniciativa de turismo comunitario impulsada pola Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos.

Daquela estadía e experiencia naceu un vínculo solidario con Cabo Verde e coa Câmara Municipal de Tarrafal con actividades de irmandamento espontáneo, como a do Bertamiráns FC que envía material deportivo ao Grupo Desportivo Varadinha da vila caboverdiana. E nestas lideiras deportivas atlánticas brotou unha oportunidade: o interese de Tarrafal de organizar unhas escolas deportivas municipais ao xeito do Concello de Ames. De vagar, artelláronse as coincidencias necesarias para unha tripla hélice de innovación municipalista: unha demanda desde unha institu-



ción homóloga, o compromiso do Goberno Municipal de Ames coa cooperación internacional e a motivación do persoal municipal. E velaquí a orixe virtuosa do irmandamento e convenio de cooperación técnica que crea un espazo orixinal para o intercambio de experiencias e a aprendizaxe mutua na xestión das políticas municipais en igualdade de xénero e atención á infancia no marco do fortalecemento da cooperación municipalista internacional.

Sementar, regar, agardar. Unha receita de éxito cando se mesuran a vontade política, a sensibilidade social e o compromiso persoal. Tan só fica confiar en que os vizosos bambús que tecen pontes entre Tarrafal e Ames sigan a medrar sen medo e collan forza, botando raíces como sinal de identidade solidaria deste concello do Val da Maía.

#### CONCELLO DE OLEIROS. A SOLIDARIEDADE TATUADA NA TERRA

En 1967 Gabriel García Márquez describía en *Cien años de soledad* o tempo da mítica Macondo ao xeito dun mundo que “era tan reciente que muchas cosas carecían de nombre, y para mencionarlas había que señalarlas con el dedo”. A sabedoría do escritor colombiano acerta, porque poñer nome simboliza o poder do humano sobre o territorio que se converte en paisaxe, en hábitat, en Terra. Unha toponimia na cal sedimentan as memorias, os traballos e as esperanzas dos pobos que habitan o espazo. Percorrer as terras de Oleiros fálanos de tempos e espazos agrícolas e mariñeiros, do galego como lingua rufa que crea comunidade e humaniza as terras, os regatos, as praias, os cons, as furnas, os outeiros, as fragas, os montes.

Pero este camiñar tamén nos fala de mulleres e homes comprometidos co benestar e a dignidade colectiva, coa xustiza social

e o medio ambiente, co poder solidario do local. Mulleres e homes organizados como alternativa que gravaron a súa terra das Mariñas con nomes que evocan liberación e supervivencia, emancipación e igualdade, valores e utopía: Auditorio Municipal García Márquez, parque Víctor Jara, rúas dos liberadores (Sandino, Zapata, Sucre, Bolívar, Bartolomé de las Casas, Abraham Lincoln) e de loitadores e mártires pola democracia (Adolfo Suárez, Gutiérrez Mellado, Salvador Allende), parque José Martí, rúas de Palestina (Gaza, Xericó, Hebrón), praza do Exilio, avenida Che Guevara, praza da emigración, parque da II República, praza Chico Mendes, rúas de exiliados e emigrados (Luis Seoane, Dolores Ibárruri, Suárez Picallo, Casares Quiroga, María Casares), monumentos ao sindicalismo de clase e ao humanismo (Nicolás Redondo, Marcelino Camacho, José Luis Sampedro), parque Santiago Carrillo, e os nomes dos grandes homes e mulleres do galeguismo (Castelao, Alexandre Bóveda, Díaz Pardo) e da cultura e da ciencia galega (Neira Vilas, Rosalía de Castro, Pucho Boedo, Manuel Murguía, Avelino Cachafeiro, María Wonenburger, Celso Emilio Ferreiro, Roberto Vidal Bolaño).

Mentres que os sonhos da Transición democrática esmorecían secuestrados pola política profesional, en Oleiros a veciñanza cobrou conciencia da súa capacidade para mudar o mundo desde o asociacionismo, a mobilización social, e a loita contra das elites e poderes do egoísmo especulativo, do “progreso” depredador e do capitalismo de boletín oficial e “amiguiños”. Unha terra ameazada de desfeita e feísmo que soubo resistir e construírse en man común contra de ameazas, chantaxes, calumnias, cobizas e fachen-das. Unha resistencia alongada no tempo que bota as canas de corenta anos de historia de poder local veciñal que teceu vínculos de solidariedade, coidados e afectos “mar polo medio” con Cuba, Palestina, Nicaragua, Chiapas, O Salvador, República Árabe Saharauí, Guatemala ou Haití e con todas as causas de resistencia

fronte á dominación, o empobrecemento, a inxustiza e a desigualdade. Un pobo con vocación pioneira que explora os vellos mares atlánticos e mediterráneos para definirse como antiimperialista, pacifista, feminista, antisionista, ecoloxista e municipalista.

Porque na historia da solidariedade global en Galicia, Oleiros foi pioneira: pioneira na cooperación municipalista como entusiasta socio fundador en 1997 do Fondo Galego que presidiu durante quince anos, pioneira na acollida de nenos e nenas saharauís no marco do programa Vacacións en Paz, pioneira nas viaxes solidarias da veciñanza a Cuba, e pioneira da actual “diplomacia das cidades” no marco dos valores do internacionalismo solidario. Unha diplomacia de activismo social e compromiso persoal que levou ao seu alcalde a participar como observador internacional nas primeiras eleccións democráticas do Salvador tras dos acordos de paz de 1992 e na xeira internacional dentro da campaña a prol da candidatura de Rigoberta Menchú para a obtención do Premio Nobel da Paz en 1992 e que culminaría na cerimonia do Nobel en Oslo. Ao tempo, Oleiros abriría novos espazos e tempos de relacións internacionais para Galicia con Cuba ou Libia e alporizaría a acción exterior de España con polémicas campañas contra das masacres israelitas en Gaza e da Guerra en Iraq.

Esta cidadanía do mundo complementouse co traballo de concienciación e mobilización da veciñanza: conferencias e visitas (o premio Nobel arxentino Pérez Esquivel, o estratega da Revolución dos Caraveis portuguesa Otelos Saraiva de Carvalho, a revolucionaria nicaraguana Gladys Cáceres, a misioneira mercendaria Rebeca Cervantes, o xornalista Ignacio Ramonet entre outros), o Certame de Fotorreportaxe Internacional “Revela” para a sensibilización e denuncia das dores e feridas deste mundo con fotografías inéditas censuradas nos medios de comunicación; as campañas de solidariedade e axuda a Cuba, Nicaragua, O Salvador ou Perú; ou o monumento á cooperación internacional que

preside a Avenida Che Guevara cunha reprodución en aceiro do famoso retrato do fotógrafo cubano Alberto Korda.

Complementariamente, a cooperación municipalista de Oleiros goza dunha serie de virtudes que a singularizan:

- A solidariedade global forma parte integral e irrenunciable do ideario político e discurso público do goberno local de tal xeito que non adoece da marxinalidade e invisibilidade habitual noutras entidades locais.
- O Concello conciencia e mobiliza activamente a cidadanía sobre as causas e loitas solidarias internacionais.
- Conta cunhas bases públicas de financiamento de programas de cooperación para o desenvolvemento onde se define o seu marco ideolóxico e visión estratéxica.
- En 2018 situouse no liderado do esforzo inversor en cooperación municipalista en Galicia co destino do 0,19 por cento do seu orzamento total consolidado e un desembolso de 1,52 € por habitante.
- A veciñanza de Oleiros coñece este compromiso municipalista a través da páxina web do Concello e das novas publicadas no periódico municipal *Vivir en Oleiros*.

Non obstante, este xenuíno compromiso coa cooperación municipalista podería reforzarse a través das seguintes medidas:

- Garantir a previsibilidade orzamentaria en cooperación no marco do crecemento do seu esforzo inversor até o 0,4 por cento a medio prazo.
- Aumentar a súa achega ao Fondo Galego para dotar as convocatorias de cooperación de proxectos de cooperación.
- Reactivar o liderado público da cooperación municipalista co fin de mobilizar, activar e ilusionar o resto de gobernos

- locais para que se sumen á transformación solidaria municipalista.
- Cumprimentar anualmente a solicitude de datos sobre cooperación municipalista da FEMP para que se visibilice nas estatísticas oficiais o compromiso solidario do Concello.

Nestes últimos corenta anos, Oleiros tatuou a solidariedade na súa terra. Terra dun Concello primeiro e pioneiro: primeiro de Galicia en nivel de renda, pioneiro e primeiro de Galicia en compromiso coa solidariedade global. Porque a súa veciñanza apostou de raíz e afoutamente pola convivencia creadora e os valores humanos, sociais e ecolóxicos que aman un mundo sen amos para o ben común.

GPS. GALICIA POLA SOLIDARIEDADE.  
PUNTO DE PARTIDA E DESTINO  
DA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA

Casandra, filla de Príamo e Hécuba, reis da mítica Troia, gozaba do don da profecía como agasallo do deus Apolo que a cambio lle pide amar e ser amada. Pero Casandra, arrepentida, renega do seu pacto e incomoda o deus. Este, anoxado e chuspíndolle na boca, bóttalle un mal de ollo polo cal Casandra conservaría o don visionario, pero ninguén creía xamais nos seus prognósticos e advertencias. Con este mito en mente, un dos desexos colectivos que motivaron este estudo partiu dunha convicción: este novo ciclo da cooperación municipalista en Galicia que temos denominado “década esperanzada” debe forzosamente rachar coa maldición de Casandra para que as conclusións e recomendacións que presentamos a seguir provoquen realmente cambios e melloras nas políticas públicas locais de cooperación.

Para chegar a esta “década esperanzada” suxerimos un itinerario de mellora da cooperación municipalista galega que toma como punto de partida as seguintes conclusións sobre a política pública local de cooperación para o desenvolvemento das nosas entidades locais:

- Os gobernos locais galegos teñen capacidades e competencia para afrontar os principais problemas que desafían á humanidade e ao planeta: a pobreza, as desigual-

dades, e a crise ecolóxica e o cambio climático. Estes retos globais afectan aos concellos urbanos e rurais, de tal xeito que actualmente xa lles están a dar resposta desde o local para construír comunidades de veciñanza con maior cohesión e xustiza social, equidade, benestar e sustentabilidade ambiental. O proceso de localización da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas constitúe unha oportunidade para actuar integral e complementariamente ante estes desafíos cunha visión de xustiza global que inclúe a cooperación municipalista solidaria coas persoas, comunidades e pobos empobrecidos.

- A cooperación municipalista galega caracterízase polo protagonismo das entidades locais máis grandes, de tal xeito que os dez concellos máis habitados de Galicia e as deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra son responsables do 90 por cento do total da AOD galega, que entre 2016 e 2018 se estabilizou en arredor de 900.000 € anuais, cun esforzo inversor do 0,03 por cento do orzamento total consolidado municipal e 0,32 € por habitante en 2018. Por riba desta media sitúanse os Concellos de Oleiros (0,19 por cento), Santiago de Compostela (0,14 por cento), Lugo (0,09 por cento), Vigo (0,06 por cento) e Narón (0,04 por cento) e a Deputación da Coruña (0,11 por cento). Xa que logo, existen sinais positivos dun maior esforzo inversor nalgunhas das principais cidades galegas como Santiago de Compostela, Vigo, Lugo ou Pontevedra. Pola contra, Ferrol, A Coruña e Ourense minguaron o seu compromiso coa cooperación municipalista nos últimos anos.
- Durante a crise a cooperación municipalista galega sufriu un recorte global do 67 por cento dos seus desembolsos

en AOD. Non obstante, desde 2013 as entidades locais galegas incrementaron un 87 por cento a súa achega á solidariedade global pero aínda están pendentes de recuperar máis de medio millón de euros con respecto de 2008, teito histórico da cooperación municipalista galega con case 1,5 millóns de euros desembolsados. Na actualidade a cooperación municipalista representa o 15 por cento do total da AOD galega e situouse en 2017 no décimo posto a autonómico en esforzo inversor, un esforzo afastado de media estatal do 0,09 por cento e 1,24 € por habitante e lonxe do protagonismo político e financeiro da cooperación local en Aragón, Navarra, Asturias, A Rioxa ou Castela e León.

- O Fondo Galego sufriu as graves consecuencias da vaga de recortes e do desmantelamento institucional da cooperación municipalista durante a crise coa perda de 19 socios e do 79 por cento dos seus ingresos. Na actualidade recuperou os 101 asociados e a metade dos ingresos perdidos sendo quen de desenvolver as súas liñas estratéxicas (2016-2019), de ampliar o seu traballo en rede a nivel europeo e global converténdose en referencia da cooperación municipalista portuguesa, de resolver a convocatoria de proxectos de cooperación de ONGD, de consolidar as actuacións de cooperación directa en Mozambique e de estender o programa Vacacións con Traballo a estafías de persoal de entidades locais cabo-verdianas e mozambicanas en Galicia.
- As experiencias exitosas de cooperación municipalista en Galicia caracterízanse polos seguintes elementos: a existencia dunha vontade e compromiso político firme por parte do equipo de goberno municipal ou provincial; unha visión estratéxica, formalizada ou non, baseada en



principios e conviccións éticas e políticas; a dotación dun orzamento digno destinado ao financiamento das actividades de cooperación; o diálogo coa cidadanía e coas organizacións da sociedade civil, especialmente ONGD, a través de espazos de participación social como os Consellos Locais de Cooperación e Solidariedade; a adhesión e participación activa no Fondo Galego tanto no seu financiamento como na súa estrutura de goberno e actividades; a existencia dun marco normativo de referencia (bases de convocatorias ou financiamento); a existencia de capacidades de xestión suficientes dentro do persoal laboral da Entidade Local; o desenvolvemento de actividades de incidencia política e de concienciación e sensibilización dirixidas á cidadanía local e á propia administración pública; a resolución de convocatorias públicas de axudas a ONGD para proxectos de cooperación e sensibilización ou educación para o desenvolvemento ou o apoio á convocatoria de proxectos de cooperación de ONGD a través do Fondo Galego; a realización de actividades de cooperación directa, ben a través de irmandamentos ben a través do programa de Vacacións con Traballo do Fondo Galego.

- Entre as entidades locais e os axentes de cooperación existe consenso nos seguintes aspectos:
  - a. A política pública local de cooperación municipalista debe de ser unha política participativa e participada onde as entidades locais promoven espazos institucionalizados de participación activa das organizacións da sociedade civil, fundamentalmente ONGD, como os Consellos Locais de Cooperación e Solidariedade ou o Consello Municipalista de Cooperación do Fondo Galego.

- b. A xeración dunha masa crítica de cooperación municipalista en Galicia demandará que, como mínimo, as sete grandes cidades e as catro deputacións financien actividades de cooperación e educación para o desenvolvemento, co fin de paliar o feito de que Galicia conte cunha das cooperación locais máis cativas do Estado a nivel orzamentario e institucional. Ao tempo, demándase destas entidades locais un liderado activo na promoción da cooperación municipalista no conxunto dos gobernos locais galegos.
- c. Galicia débese dotar dun modelo coherente e de valor estratéxico de cooperación a través da xeración de complementariedades entre os actores públicos con base na coordinación, a harmonización e a división de traballo. Actualmente, sobrancea un actor destacado a nivel financeiro, a Xunta de Galicia, e un feixe cativo de concellos e deputacións que contan cunha heteroxénea política pública local de cooperación municipalista, xunto co Fondo Galego.
- d. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) identifícase como o espazo institucional acaído para a construción dun modelo máis complementario e harmonizado de cooperación en Galicia, mais carece dun grupo de traballo específico en cooperación municipalista en que participen as entidades locais, a FEGAMP, o Fondo Galego, os axentes de cooperación e persoas expertas co fin de promover o diálogo de políticas e un marco común de harmonización, complementariedade e división do traballo.
- e. Os proxectos de cooperación financiados polas entidades locais xeran dúbidas respecto do seu impacto e capacidade de xeración de cambios xa que se sitúan no con-

cepto de microproxectos de cooperación cunha subvención media de 15.000 €. No ámbito da sensibilización ou educación para o desenvolvemento esta media chega unicamente a 5000 €.

- f. Débese favorecer a transparencia das axudas por medio da concorrencia competitiva, como foi o caso da Deputación da Coruña que substituíu desde 2016 as axudas nominativas e os convenios por unha dobre convocatoria de axudas. En 2018, o 56 por cento do total da AOD galega foi desembolsada a través de convocatorias públicas dos Concellos de Santiago de Compostela e Lugo, Deputación da Coruña e Fondo Galego dirixidas a ONGD.
- g. Fomentar un modelo de cooperación municipalista SMART onde os gobernos locais actúan como actores solidarios, mobilizadores, activistas, responsables e transparentes demandará unha atención ás capacidades diversas e responsabilidades compartidas e diferenciadas das entidades locais desde o acompañamento institucional e técnico por parte do Fondo Galego e da CGONGD. Este acompañamento nacerá da confianza mutua, o diálogo de políticas e o respecto da autonomía da Entidade Local.

Esta escolma de conclusións opera, como xa dixemos, como punto de partida. Agora ben, para a definición do destino da cooperación municipalista galega recuperamos as recomendacións que o Fondo Galego realizara en 2009 no seu *Informe Zero sobre a cooperación municipalista* (Fondo Galego, 2009), porque as coidamos de absoluta actualidade. Aquelas “dez propostas para un cambio necesario” eran as seguintes:

1. Incluir a cooperación na axenda política local
2. Promover unha maior visibilización interna mediante a creación dunha concellería, área ou departamento específico, a capacitación do persoal municipal, o reforzamento da capacidade do Fondo Galego, etc.
3. Dotar maiores recursos económicos a esta política pública.
4. Apostar pola especialización tanto sectorial como xeográfica (luso fonía), e por experiencias de codesenvolvemento nos concellos con poboación inmigrante significativa.
5. Contar cun enfoque sólido e dotado de estratexia baseado no acompañamento de procesos e en alianzas de traballo, como os irmandamentos.
6. Reforzar a participación como garante da irreversibilidade das políticas de cooperación a través do fortalecemento do tecido asociativo e as actividades de sensibilización da cidadanía.
7. Garantir a transparencia e a xestión eficaz.
8. Realizar un maior esforzo no eido da comunicación para mellorar a visibilidade e coñecemento público.
9. Fortalecer a colaboración institucional para unha maior coordinación, complementariedade e impacto das actuacións.
10. Participar activamente en redes internacionais de solidariedade.

Estas recomendacións téñense incorporado como destino da cooperación local galega no itinerario que presentamos a seguir e que forma parte do movemento social que demanda un renovado GPS (Galicia pola Solidariedade) para a cooperación municipalista. Co fin de facilitar a súa posta en marcha escolmamos as recomendacións prioritarias para as catro deputacións e as sete grandes cidades galegas, para os concellos medianos e mais para os concellos pequenos, ben urbanos, ben rurais. Todas estas recomendacións e suxestións teñen por obxectivo dotar Galicia dun sólido e xenuíno sistema de cooperación municipalista onde as

entidades locais asumen o liderado e protagonismo para ser leais ao compromiso solidario da sociedade galega cos pobos empobrecidos na loita contra a pobreza extrema, as desigualdades e a crise ecolóxica.

ENTIDADES LOCAIS	RECOMENDACIÓNS
<p style="text-align: center;"><b>Deputacións e sete grandes cidades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Integración no Fondo Galego. Pago de cota anual e outras achegas extraordinarias no eido da acción humanitaria e cooperación.</li> <li>▪ Garantir un orzamento digno, estable e previsible aumentando os recursos financeiros até, como mínimo, o 0,4 por cento do orzamento total consolidado neste mandato ou destinando como mínimo 2 € por habitante a esta política pública.</li> <li>▪ Dotarse dun plan ou estratexia de cooperación adaptado ás demandas, capacidades e necesidades locais e coa participación activa das organizacións da sociedade civil, especialmente ONGD.</li> <li>▪ Realizar unha convocatoria pública anual de proxectos de cooperación de ONGD cunha dotación mínima de 100.000 € e cun financiamento mínimo de 25.000 € por proxecto.</li> <li>▪ Realizar unha convocatoria pública anual de sensibilización e Educación para a Cidadanía Global para ONGD, cun financiamento mínimo de 5000 € por proxecto.</li> <li>▪ Poñer en funcionamento un programa ou iniciativas integrais de sensibilización e educación para a cidadanía global en colaboración co Fondo Galego e as ONGD.</li> <li>▪ Fomentar a participación no programa “Vacacións con traballo” do Fondo Galego para o persoal técnico municipal.</li> <li>▪ Establecer irmandamentos de cooperación ou alianzas locais de solidariedade con institucións homólogas do Sur.</li> <li>▪ Crear un Foro ou Consello Local de Cooperación e Solidariedade ou dinamizar os existentes.</li> <li>▪ Ser transparentes, render contas e comunicar as achegas ao logro de resultados na cooperación para a transformación social. Cumprimentar anualmente a solicitude de datos sobre cooperación municipalista da FEMP.</li> </ul>

<p><b>Concellos medianos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Integración no Fondo Galego. Pago de cota anual e outras achegas extraordinarias para acción humanitaria e cooperación.</li> <li>▪ Garantir un orzamento digno, estable e previsible aumentando os recursos financeiros até o 0,4 por cento do orzamento total consolidado neste mandato ou como mínimo destinando 1 € por habitante a esta política pública.</li> <li>▪ Celebrar convenios de cooperación con ONGD pequenas de base local ou apoiar a convocatoria de proxectos de cooperación para ONGD do Fondo Galego.</li> <li>▪ Poñer en marcha un programa de sensibilización e educación para a cidadanía global en colaboración co Fondo Galego e ONGD.</li> <li>▪ Fomentar a participación no programa “Vacacións con traballo” do Fondo Galego para o persoal técnico municipal.</li> <li>▪ Establecer irmandamentos de cooperación ou alianzas locais de solidariedade con institucións homólogas do Sur.</li> <li>▪ Ser transparentes, render contas e comunicar as achegas ao logro de resultados na cooperación para a transformación social. Cumprimentar anualmente a solicitude de datos sobre cooperación municipalista da FEMP.</li> </ul>
<p><b>Concellos pequenos áreas urbanas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Integración no Fondo Galego. Pago de cota anual e outras achegas para acción humanitaria e cooperación.</li> <li>▪ Garantir un orzamento digno, estable e previsible aumentando os recursos financeiros e destinando como mínimo 1 € por habitante a esta política pública.</li> <li>▪ Organizar actividades de sensibilización e educación para a cidadanía global en colaboración co Fondo Galego e as ONGD.</li> <li>▪ Fomentar a participación no programa “Vacacións con traballo” do Fondo Galego para o persoal técnico municipal.</li> <li>▪ Establecer irmandamentos de cooperación ou alianzas locais de solidariedade con institucións homólogas do Sur.</li> <li>▪ Ser transparentes, render contas e comunicar as achegas ao logro de resultados na cooperación para a transformación social. Cumprimentar anualmente a solicitude de datos sobre cooperación municipalista da FEMP.</li> </ul>

<b>Concellos pequenos áreas rurais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Integración no Fondo Galego. Pago de cota anual e outras achegas para acción humanitaria e cooperación.</li> <li>▪ Garantir un orzamento digno, estable e previsible aumentando os recursos financeiros e destinando como mínimo 1 € por habitante a esta política pública.</li> <li>▪ Organizar actividades de sensibilización e educación para a cidadanía global en colaboración co Fondo Galego e as ONGD.</li> <li>▪ Fomentar a participación no programa “Vacacións con traballo” do Fondo Galego para o persoal técnico municipal.</li> <li>▪ Establecer irmandamentos de cooperación ou alianzas locais de solidariedade con institucións homólogas do Sur.</li> <li>▪ Ser transparentes, render contas e comunicar as achegas ao logro de resultados na cooperación para a transformación social. Cumprimentar anualmente a solicitude de datos sobre cooperación municipalista da FEMP.</li> </ul>
--	---

Agardamos, logo, que este itinerario sexa de utilidade para motivar, orientar e mellorar as actuacións solidarias globais dos nosos concellos e deputacións de tal xeito que cristalicen en políticas públicas de cooperación municipalista para a transformación social xenuinamente SMART (Solidarias, Mobilizadoras, Activistas, Responsables, Transparentes). Porque ao longo deste estudo quixemos manternos fieis ao compromiso de ofrecer esperanza, inéditos viables e un espazo de imaxinación e construción colectiva para que os gobernos locais galegos poidan afrontar os retos e desafíos globais con políticas públicas ao servizo da xustiza global. Unha actuación internacional en irmandade con aquelas persoas, comunidades, organizacións da sociedade civil e institucións dos países empobrecidos que cren e apostan por políticas favorecedoras da vida, que recoñecen o valor de todas as vidas humanas e non humanas, que aman e coidan do próximo, do afastado e do planeta, que ansían conseguir o maior ben para todas as persoas

e que se comprometen a mellorar o mundo local e global<sup>2</sup>. Porque na cooperación municipalista cristalizan os valores dunha ética humanista planetaria que confía en poderes e cargos públicos e en administracións locais que actúan como paladíns da xustiza global, como actores altruístas e solidarios, como mobilizadores de consciencias e activistas pola causa da humanidade e da nosa Terra común. No século pasado, Vicente Risco chamaba por unha Galicia que fose o mundo enteiro, hoxe desde o Fondo Galego e a Coordinadora Galega de ONGD chamamos por un poder local galego ao que a Humanidade e o Planeta non lle sexan alleos. Porque o mundo non cambiará sen o poder solidario do local.

2. A fundamentación ética deste modelo de cooperación municipalista pódese consultar nas seguintes referencias: Singer, 2003, 2009, 2012, 2017; Pogge, 2005.





## ANEXO METODOLÓXICO

### *Antecedentes*

A análise da política pública de cooperación para o desenvolvemento dos concellos e deputacións en Galicia apenas contou cun ramallo breve de estudos e investigacións dinamizados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), e a Coordinadora Galega de ONGD. A seguir destacamos, os principais antecedentes e referencias para o estudo da cooperación municipalista galega para o desenvolvemento:

- CGONGD (2011). *Cooperando. XX anos de traballo solidario en Galicia*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- CGONGD (2015). *Propostas da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento. Eleccións Municipais 2015*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- CGONGD (2019). *Concellos comprometidos coa xustiza social no mundo. Propostas das ONG de Desenvolvemento Galegas para as eleccións municipais 2019*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- Fondo Galego (2009). *Informe Zero sobre a cooperación municipalista en Galicia*. Santiago de Compostela: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

- Fondo Galego (2012). *15 anos de andaina, a rede solidaria do municipalismo galego*. Santiago de Compostela: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Gómez, M., (2003). *Os irmandamentos en Galicia. A ruta local do internacional*. Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- González Palau, D., (2010). *Os irmandamentos en Galicia: Globalización, redes e goberno local*, Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- González Palau, D. e Armesto García, M. (2017). *#CooperaciónExpandida. A nosa cidade no S.XXI, a nosa cidade cos dereitos humanos*, Pontevedra: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- Pastoriza, X. L. (2012). *AOD en educación en Galicia: un análisis de la cooperación gallega 2006-2010*. Vigo: Campaña Mundial pola Educación.
- Ríos, X. (2010). *Nós no mundo. Unha política exterior para Galicia*, Vigo: Galaxia.
- Ríos, X. e Teijo, C. (eds.) (2009). *Galicia solidaria. O sistema galego de cooperación ao desenvolvemento*. Vigo: Xerais.

### *Obxectivos*

A Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade solicitaron a realización dun estudo diagnóstico da cooperación local para o desenvolvemento en Galicia que incluíse:

- Un diagnóstico da cooperación local para o desenvolvemento en Galicia.
- Estudos de caso da cooperación municipalista en Galicia.
- Conclusións e recomendacións.

- Propostas para o fortalecemento e mellora da cooperación municipalista en Galicia.

### *Metodoloxía*

#### *a) Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) das entidades locais galegas*

A obtención dos datos da AOD das entidades locais en Galicia presenta numerosas dificultades xa que a maioría destas entidades non participan na recollida de datos anual da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Por este motivo, a gran maioría das achegas das entidades locais galegas a cooperación para o desenvolvemento non figuran nas bases de datos oficiais como info@od do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. Para completar as ausencias e lagoas de información sobre a AOD das entidades locais galegas, recorreuse a diversas estratexias e fontes:

- Solicitud de información directa ás entidades locais sobre os desembolsos de AOD.
- Solicitud de información ao Fondo Galego sobre as cotas anuais abonadas polas entidades locais adheridas.
- Base de Datos Nacional de Subvencións do Ministerio de Facenda.
- Portais de transparencia das entidades locais.
- Novas en prensa e nas páxinas web das entidades locais.
- Páxinas web e memorias de ONGD.

Esta pescuda polo miúdo permitiu confirmar que existe unha profunda diferenza entre os datos reais da AOD das entidades locais galegas con respecto do que figura en info@od, tal e como se amosa na táboa seguinte tomando como referencia o período 2015-2017.

COMPARATIVA DE DATOS DE AOD DAS ENTIDADES  
LOCAIS GALEGAS, 2015-2017

	2015	2016	2017
<b>Volume de AOD en info@od</b>	284.844€	355.960€	137.647€
<b>Volume de AOD neste estudo</b>	640.791€	919.470€	881.498€

Fonte: elaboración propia

Xa que logo, a falta de exactitude nos datos que figuran en info@od motivan que non se poidan tomar como unha referencia válida e segura á hora de analizar os datos da AOD das entidades locais en Galicia. Con todo, tampouco se pode asegurar a exactitude e validez dos datos obtidos na realización deste estudo. De todos os xeitos, amosan unha imaxe máis acaída e xusta da realidade da cooperación para o desenvolvemento das entidades locais galegas.

*b) Traballo de campo: cuestionario e entrevistas*

Esta investigación tense desenvolvido consonte ao método de investigación de estudo de caso, empregándose unha pluralidade de fontes: estudo de documentos e investigación hemerográfica, uso de informantes, cuestionarios en liña e entrevistas de investigación semiestruturadas. A selección das persoas e entidades participantes tense realizado co criterio de fomentar unha participación ampla e plural dos Gobernos locais galegos cun enfoque multipartidista. Ao tempo, procuráronse persoas con experiencia e coñecemento no eido das políticas públicas de cooperación para o desenvolvemento e da administración local. En relación ao cuestionario, este foi enviado a través da FEGAMP e mais do Fondo Galego ao conxunto

das entidades locais galegas. En total, 43 concellos e dúas deputacións cumprimentaron o cuestionario en liña que estivo dispoñible entre novembro de 2018 e xaneiro de 2019.

TIPO E NÚMERO DE ENTIDADES LOCAIS QUE RESPONDEN

O CUESTIONARIO EN LIÑA

<b>Instrumento</b>	<b>Entidades</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>
Cuestionario en liña	Concellos	43	96 %
	Deputacións	2	4 %

En porcentaxes en relación ao total das entidades locais galegas, responderon o 14 por cento dos 313 concellos e o 50 por cento das deputacións. Destas 45 entidades locais participantes, 42 están integradas no Fondo Galego, de tal xeito que cumprimentaron o cuestionario o 42 por cento dos 100 socios do Fondo Galego en 2018.

En relación ás entrevistas, participaron 13 persoas pertencentes a estas entidades locais, responsables de concellerías ou persoal técnico dos servizos con responsabilidades en cooperación para o desenvolvemento. Ao tempo, tamén se entrevistaron persoas con coñecemento da administración local e da política pública de cooperación para o desenvolvemento: Luis Caramés (Universidade de Santiago de Compostela), Ignacio Martínez (La Mundial), Natalia Millán (Universidad Complutense de Madrid), Guillermo Santander (Universidad Complutense de Madrid), Antònia Roselló (Fons Mallorquí), David Minoves (Fons Català), Manolo Redaño (FAMSI) e Daniel González Palau (IGADI), Gonzalo Alonso (Concello de Ourense e Musol). Para o seguimento do proceso de activación da Axenda 2030 en Galicia entrevistouse a Mari Luz Macho, subdirectora Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e da Xunta de Galicia.

NÚMERO DE ENTIDADES LOCAIS, INSTITUCIÓNS E PERSOAS  
QUE PARTICIPARON NO CUESTIONARIO EN LIÑA E NAS ENTREVISTAS

INSTRUMENTO	ENTIDADES	Nº
Cuestionario en liña	Concellos	43
	Deputacións	2
Entrevistas	Concellos	12
	Deputacións	1
	Universidade de Santiago de Compostela	1
	La Mundial	1
	Universidad Complutense de Madrid	2
	Fons Mallorquí de Solidaritat i Cooperació	1
	Fons Català de Cooperació al Desenvolupament	1
	Fondo Andaluz de Municipios para la Solidaridad Internacional (FAMSI)	1
	Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)	1
	Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.	1

A seguir enuméranse os concellos e deputacións que participaron nos diferentes instrumentos:

ENTIDADES LOCAIS QUE RESPONDEN O CUESTIONARIO  
EN LIÑA E PARTICIPAN NAS ENTREVISTAS

<b>INSTRUMENTO: CUESTIONARIO</b>	
<b>PROVINCIA DA CORUÑA</b>	
1. Deputación da Coruña	14. Ferrol
2. Abegondo	15. A Laracha
3. Ames	16. Melide
4. Arteixo	17. Moeche
5. Bergondo	18. Mugardos
6. Betanzos	19. Oleiros
7. Cabana de Bergantiños	20. Narón
8. Cabanas	21. Neda
9. Cariño	22. Pontecesures
10. Corcubión	23. Rianxo
11. A Coruña	24. San Sadurniño
12. Culleredo	25. Santiago de Compostela
13. Fene	
<b>Provincia de Lugo</b>	
26. Burela	29. Riotorto
27. Lugo	30. Viveiro
28. A Pastoriza	
<b>Provincia de Ourense</b>	
31. Allariz	33. Verea
32. Monterrei	34. Viana do Bolo
<b>Provincia de Pontevedra</b>	
35. Deputación de Pontevedra	41. Pontevedra
36. A Estrada	42. Redondela
37. Moaña	43. Silleda
38. Nigrán	44. Soutomaioir
39. Poio	45. Tomiño
40. Ponteareas	



**Instrumento: entrevista**

**Provincia da Coruña**

- |                         |                           |
|-------------------------|---------------------------|
| 1. Deputación da Coruña | 6. Narón                  |
| 2. Ames                 | 7. Oleiros                |
| 3. Arteixo              | 8. Rianxo                 |
| 4. Ferrol               | 9. Santiago de Compostela |
| 5. A Laracha            |                           |

**Provincia de Lugo**

- |            |          |
|------------|----------|
| 10. Burela | 11. Lugo |
|------------|----------|

**Provincia de Pontevedra**

- |                |               |
|----------------|---------------|
| 12. Pontevedra | 13. Redondela |
|----------------|---------------|

## WEBGRAFÍA

- Portal do Goberno de España para a Axenda 2030: <https://www.agenda2030.gob.es/es>
- Cooperación Española: <https://www.cooperacionespanola.es/>
- Xunta de Galicia. Cooperación Galega: <https://cooperacion.xunta.gal/>
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: <http://www.fondogalego.org/web/>
- Coordinadora Galega de ONGD: <https://galiciasolidaria.org/>
- Portal da FEMP sobre a localización dos ODS: <http://localizandoods.es/>
- Área de cooperación da FEMP. <http://bit.ly/3oTLk5M>
- Red Española para el Desarrollo Sostenible: <http://reds-sdsn.es/>
- Coalición europea Plataforma Local & Regional International Action: <http://plataforma-dev.eu/>
- Ciudades y Gobiernos Locales Unidos (CGLU): <https://www.uclg.org/es>



## BIBLIOGRAFÍA

- AIETI e La Mundial (2017). *#cooperaciónextremeña2030. Investigación y propuestas para una nueva política de desarrollo en Extremadura*. Mérida: AIETI-La Mundial.
- Aldecoa, F. e Keating, M. (1999). *Paradiplomacia: las relaciones internacionales de las regiones*. Madrid: Marcial Pons.
- Arendt, H. (2006). *Los orígenes del totalitarismo*. Madrid: Alianza.
- Arias Maldonado, M. (2018). *Antropoceno. La política en la era humana*. Barcelona: Taurus.
- Avogacía Xeral do Estado (2014). *Dictamen de la Abogacía del Estado sobre la incidencia de la Ley 27/2013 de diciembre sobre la racionalización y sostenibilidad de la Administración Local*, Madrid: Ministerio de Justicia. Gobierno de España.
- Calvino, I. (2017). *Las ciudades invisibles*. Madrid: Siruela.
- Camps, V. (2019). *La búsqueda de la felicidad*. Barcelona: Arpa.
- Chaqués, L. (2004). *Redes de políticas públicas*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas/ Siglo XXI.
- CIDOB-ART-PNUD (2013). *La cooperación descentralizada a debate. La eficacia de la ayuda y el post-2015*. Barcelona: CIDOB-ART-PNUD.
- Comisión Europea (2008). *Local Authorities: Actors for Development*. COM (2008) 0626, 08.10.2008 ed. Bruselas: Comisión Europea.
- Comité Europeo das Rexións (2017). *Dictamen del Comité Europeo de las Regiones. Propuesta de un Nuevo Consenso Europeo sobre el Desa-*

- rollo “*Nuestro mundo, nuestra dignidad, nuestro futuro*”. OJC 207, 30.6.2017 ed. Bruxelas: Unión Europea.
- CGONGD (2011). *Cooperando. XX anos de traballo solidario en Galicia*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- (2015). *Propostas da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento. Eleccións Municipais 2015*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- (2019). *Concellos comprometidos coa xustiza social no mundo. Propostas das ONG de Desenvolvemento Galegas para as eleccións municipais 2019*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- CGONGDE (2012). *Informe sobre a Política de Cooperación ao Desenvolvemento das Comunidades Autónomas*. Madrid: Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España.
- Cortina, A. (2017). *Aporofobia, el rechazo del pobre*. Barcelona: Paidós.
- De la Fuente, R., ed. (2010). *Los nuevos actores en la cooperación internacional. El papel de los gobiernos locales y regionales*. Madrid: Los Libros de la Catarata.
- FEMP (2007). *La cooperación al desarrollo de las entidades locales. Informe 2005*. Madrid: Federación Española de Municipios y Provincias.
- (2011). *Manual de gestión de la cooperación para el desarrollo de los Gobiernos Locales*. Madrid: Federación Española de Municipios y Provincias.
- (2014). *Requisitos para el ejercicio de competencias distintas de las propias y delegadas tras la entrada en vigor de la Ley 27/2013 de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local (LRSAL)*. Madrid: Federación Española de Municipios y Provincias.
- (2018). *Estrategia de la Federación Española de Municipios y Provincias para el cumplimiento de la Agenda 2030 y de los Objetivos de Desarrollo Sostenible*. Madrid: Federación Española de Municipios y Provincias.
- Fondo Galego (2009). *Informe Zero sobre a cooperación municipalista en Galicia*. Santiago de Compostela: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

- (2012). *15 anos de andaina, a rede solidaria do municipalismo galego*. Santiago de Compostela: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Freres, C. (2007). “La cooperación descentralizada española con América Latina”. En: *Anuario de la cooperación descentralizada 2007*. Barcelona: Observatorio de la Cooperación Descentralizada Unión Europea-América Latina, pp. 238-269.
- Futuro en Común (2016). *Valoración de la Agenda 2030*.
- García i Mattés, R. (2004). “El marco jurídico de la acción internacional solidaria de los municipios españoles”. *El Consultor de los Ayuntamientos*, xaneiro (1), pp. 50-71.
- Gobierno de España (2018a). *Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030. Hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación.
- (2018b). *Informe de España para el examen nacional voluntario 2018*. Madrid: Gobierno de España.
- (2020). *Hoja de ruta para la definición de la Estrategia de desarrollo sostenible 2030*. Madrid: Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, Gobierno de España.
- Gómez, M. (2003). *Os irmandamentos en Galicia. A ruta local do internacional*. Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- Gómez Gil, C. (2008). *Una visión panorámica de la cooperación descentralizada de las entidades locales*. Bilbao: Bakeaz.
- González Palau, D. (2010). *Os irmandamentos en Galicia: Globalización, redes e goberno local*, Baiona: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- González Palau, D. e Armesto García, M. (2017). *#CooperaciónExpandida. A nosa cidade no s. XXI, a nosa cidade cos dereitos humanos*. Pontevedra: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.
- (2019). *Memoria de actividades. Cooperación Expandida. A nosa cidade no S.XXI, a nosa cidade cos dereitos humanos*. Pontevedra: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional.

- Han, B.-C. (2014). *Psicopolítica. Neoliberalismo y nuevas técnicas de poder*. Barcelona: Herder.
- Harari, Y. N. (2014). *Sapiens. Una breve historia de la Humanidad*. Barcelona: Debate.
- Iborra, J. e Santander, G. (2012). *La cooperación para el desarrollo de la Comunidad Valenciana*. Madrid: Editorial 2015 y más.
- Martínez Rivas, E. (2009). “Na difícil procura dun sistema galego de cooperación ao desenvolvemento”. *Tempo Exterior X (I)*(19), pp. 139-153.
- Martínez, I. (2011). *Por una cooperación descentralizada de calidad: reflexiones para avanzar hacia una mayor eficacia*. Valencia: Universitat Jaume I.
- (2016). *La cooperación vasca en el nuevo contexto internacional del desarrollo: análisis y propuestas en relación al marco de instrumentos, los agentes y los espacios de participación y diálogo*. Vitoria-Gasteiz: Agencia Vasca de Cooperación para el Desarrollo.
- (2018). “El papel de lo local ante los retos globales del desarrollo sostenible”. En: J. Chaves e L. Mariano (eds.) *Cooperación al desarrollo*. Barcelona: Anthropos, pp. 83-108.
- Martínez, I., Medina, J. e Santander, G. (2012). *La cooperación madrileña. Crisis de una política necesaria*. Madrid: Editorial 2015 y más.
- Martínez, I. e Sanahuja, J. (2009). *La agenda internacional de la eficacia de la ayuda y la cooperación descentralizada en España*. Madrid: Fundación Carolina-CeALCI.
- McIntyre, L. (2018). *Posverdad*. Madrid: Cátedra.
- Millán, N. e. a. (2012). *La coherencia de políticas para el desarrollo en España. Mecanismos, actores y procesos*. Madrid: Editorial 2015 y más.
- Millán, N. e Gil, L. (2018). *La cooperación madrileña ante un escenario de cambios*. Segunda ed. Madrid: Red de ONGD de Madrid.
- Mishra, P. (2017). *La edad de la ira. Una historia del presente*. Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Morin, E. (1993). *Tierra-Patria*. Barcelona: Kairós.
- Mudde, C. e Rovira, C. (2019). *Populismo. Una breve introducción*. Madrid: Alianza.

- Nacións Unidas (2013). *A Million Voices: The World We Want. A Sustainable Future with Dignity for All*. Nova York: Nacións Unidas.
- (2015). *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el desarrollo sostenible*. Nova York: Nacións Unidas.
- Nussbaum, M. C. (1996). *Los límites del patriotismo. Identidad, pertenencia y ciudadanía mundial*. Barcelona: Paidós.
- Nussbaum, M. C. (2005). *El cultivo de la humanidad. Una defensa clásica de la reforma en la educación liberal*. Barcelona: Paidós.
- Pastoriza Rozas, X. L. (2010a). *Unha cooperación pobre para os máis pobres. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- (2010b). “La agenda de la eficacia de la ayuda: el análisis crítico de las organizaciones de la sociedad civil”. En CGONGD. *Eficacia de la ayuda y sociedad civil. Declaración de París sobre Eficacia de la Ayuda. Agenda de Acción de Accra*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD, pp. 9-38.
- (2011a). “Dereitos humanos e cooperación ao desenvolvemento: perspectivas para a análise crítica do rol das ONGD no eido da incidencia”. En Baamonde Ferreiro, X. (dir.). *Dereitos humanos e países empobrecidos: contradicións nas políticas de cooperación ao desenvolvemento*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 17-43.
- (2011b). “El humanismo como utopía real: la educación de ciudadanos y ciudadanas globales”. En Agís Villaverde, M., Dosil Maceira, A., e Oreja Aguirre, M. (eds.). *Las raíces del humanismo europeo y el Camino de Santiago. Actas de los X Encuentros Internacionales de Filosofía en el Camino de Santiago*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 446-467.
- (2012a). *AOD en educación en Galicia: un análisis de la cooperación gallega 2006-2010*. Vigo: Campaña Mundial pola Educación.
- (2012b). *Bandeiras, pastillas e océanos azuis. A Cooperación Galega de cara ás eleccións ao Parlamento de Galicia de outubro de 2012*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.



- (2012c). “As ONGD e o sistema galego de cooperación: repensarse desde a experiencia da crise”. *43°N 8W. Revista de la Asociación de Becarios de la Fundación Barrié* 15, xuño 2011-xuño 2012, pp. 75-79.
  - (2013a). *Unha cooperación ao desenvolvemento de cero absoluto (-273,15°). Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade\* Autónoma de Galicia para o ano 2013*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
  - (2013b). “Contra a indeferencia: teoría e praxe da educación para o desenvolvemento en Galicia”. *Revista Galega do Ensino* 58, febreiro 2014, pp. 26-29.
  - (ed.), (2014a). *Educar para a cidadanía global. Experiencias, ferramentas e discursos para o cambio social*, Vigo: Fundación Isla Couto.
  - (2014b). *La educación cambia la vida. La ayuda al desarrollo en educación de la Xunta de Galicia (2010-2013)*. Santiago de Compostela: Campaña Mundial pola Educación-Galicia.
  - (2014c). “Las aporías de la cooperación pública descentralizada al desarrollo: un análisis de la cooperación gallega”. En Hidalgo-Capitán, A.L., e Moreno Moreno A. *Perspectivas alternativas del desarrollo. Actas del II Congreso Internacional de Estudios de Desarrollo, Universidad de Huelva, 15-18 de junio de 2014*. Huelva: REE-DES-Universidad de Huelva, pp. 953-982
- Pastoriza Rozas, X. L., e García Varela, L. (2009). *A Cooperación Galega no lusco e fusco da crise. Análise do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010*. Santiago de Compostela: Coordinadora Galega de ONGD.
- Pastoriza Rozas, X. L. et al. (2012). *División del trabajo y complementariedad en la cooperación andaluza al desarrollo: la educación en el periodo 2006-2010*, Sevilla: Entreculturas e Fundación ETEA.
- Pellizzetti, P. F. (2019). *El fracaso de la indignación. Del malestar al conflicto*. Madrid: Alianza.
- Pérez, A. (2011). *Crisis y debate en la cooperación descentralizada*. ARI 98/2011 ed. Madrid: Real Instituto Elcano.

- Pinker, S. (2018). *En defensa de la Ilustración. Por la razón, la ciencia, el humanismo y el progreso*. Barcelona : Paidós.
- PNUD (1990). *Informe sobre desarrollo humano 1990. Definición y medición de desarrollo humano*. Nova York-Bogotá: Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento-Tercer Mundo Editores.
- Pogge, T. (2005). *La pobreza en el mundo y los derechos humanos*. Barcelona: Paidós.
- Ríos, X. (2010). *Nós no mundo. Unha política exterior para Galicia*, Vigo: Galaxia.
- Ríos, X. e Teijo, C. (eds.). (2009). *Galicia solidaria. O sistema galego de cooperación ao desenvolvemento*. Vigo: Xerais.
- Rosling, H. (2018). *Factfulness. Diez razones por las que estamos equivocados sobre el mundo. Y por qué las cosas están mejor de lo que piensas*. Barcelona: Deusto.
- Ruiz Seisdedos, S. (2005). “Unha análise crítica da cooperación descentralizada”. *Tempo Exterior* 11, pp. 119-129.
- Ruiz Seisdedos, S. (2008). *La teoría y praxis de la cooperación descentralizada. Análisis de tres estudios de caso*. Barcelona: Observatorio de la Cooperación Descentralizada Unión Europea-América Latina.
- Sachs, J. et al. (2019). *Sustainable Development Report 2019*. Nova York: Bertelsmann Stiftung and Sustainable Development Solutions Network (SDSN).
- Sandel, M. J. (2013). *Lo que el dinero no puede comprar. Los límites morales del mercado*. Barcelona: Debate.
- Santander, G. e Pérez, J. (2018). *La implantación de la Agenda 2030 de Desarrollo Sostenible en la Xunta de Galicia. Principales implicaciones y propuestas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Singer, P. (2003). *Un solo mundo. La ética de la globalización*. Barcelona: Paidós.
- (2009). *Ética práctica*. Madrid: Akal.
- (2012). *Salvar una vida. Cómo terminar con la pobreza*. Madrid: Katz.
- (2017). *Vivir éticamente. Cómo el altruismo eficaz nos hace mejores personas*. Barcelona: Paidós.

- Snyder, T. (2017). *Sobre la tiranía*. Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Subirats, J. (2016). *El poder de lo próximo. Las virtudes del municipalismo*. Madrid: Los libros de la Catarata.
- Tandon, Y. (2009). *¿Quién ayuda a quién? El efecto de la ayuda al desarrollo en el Tercer Mundo*. Madrid: Popular.
- Teijo, C. e Pastoriza, X. L. (2012). “Crisis en la cooperación descentralizada española: ¿oportunidad o negra sombra?” *Tiempo de Paz* 105, pp. 27-36.
- Varela, F., Álvarez, B. e Cortés, J. (2020). *Guía para la localización de la Agenda 2030*. Madrid: Secretaría de Estado para la Agenda 2030, Gobierno de España.
- VV. AA. (2006). *Riesgos y oportunidades de la cooperación descentralizada. Superar las inercias y construir espacios nuevos*. Bilbao: PTM-Mundubat.

## ÍNDICE

LIMIAR. ....	11
ABREVIATURAS EMPREGADAS. ....	16
1. OS SAPIENS SABIOS. A POBREZA NON É PATRIMONIO DA HUMANIDADE. ....	17
2. CULTIVAR A HUMANIDADE DESDE O LOCAL. A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA. ....	31
3. A FIN DA DÉCADA PERDIDA NA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA. PRÓXIMA ESTACIÓN: ESPERANZA. ....	57
4. O BIG BANG MIUDIÑO. NOVE EXPERIENCIAS DE COOPERACIÓN MUNICIPALISTA. ....	75
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE: O VALOR DA RESILIENCIA. ....	76
DEPUTACIÓN DA CORUÑA: UN HÉRCULES TÍMIDO. ....	82
CONCELLO DA CORUÑA: A CIDADE ABERTA QUE SE BUSCA A SI MESMA. ....	85
CONCELLO DE LUGO: UNHA FIDELIDADE SEN AMBICIÓN. ....	89
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: DA HOSPITALIDADE XACOBEA AO COMPROMISO COA XUSTIZA GLOBAL. ....	91
CONCELLO DE VIGO: UNHA CONCIENCIA DO MUNDO A MEDIA LUZ. ....	95

CONCELLO DE PONTEVEDRA: “KISH MAT”, A PARTIDA DE XADREZ MÁIS SOLIDARIA . . . . .	99
CONCELLO DE AMES: A ESTRATEXIA DO BAMBÚ . . . . .	102
CONCELLO DE OLEIROS: A SOLIDARIEDADE TATUADA NA TERRA . . . . .	104
5. GPS. GALICIA POLA SOLIDARIEDADE. PUNTO DE PARTIDA E DESTINO DA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA . . . . .	109
ANEXO METODOLÓXICO . . . . .	121
WEBGRAFÍA . . . . .	129
BIBLIOGRAFÍA . . . . .	131

Este libro,  
O PODER SOLIDARIO DO LOCAL  
A COOPERACIÓN MUNICIPALISTA  
PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA,  
de Xosé L. PASTORIZA ROZAS,  
rematouse de imprimir en  
ULZAMA DIGITAL  
o día 15 de abril de 2021.



Este estudo actualiza o coñecemento sobre a cooperación municipalista para o desenvolvemento en Galicia. Ao longo do mesmo quixemos manernos fieis ao compromiso de ofrecer esperanza, inéditos viables e un espazo de imaxinación e construción colectiva para que os Gobernos Locais galegos poidan afrontar os retos e desafíos globais con políticas públicas ao servizo da xustiza global. Unha actuación internacional en irmandade con aquelas persoas, comunidades, organizacións da sociedade civil e institucións dos países empobrecidos que cren e apostan por políticas favorecedoras da vida, que recoñecen o valor de todas as vidas humanas e non humanas, que aman e coidan do próximo, do afastado e do planeta, que arelan conseguir o maior ben para todas as persoas e que se comprometen a mellorar o mundo local e global. Porque na cooperación municipalista cristalizan os valores dunha ética humanista planetaria que confía en poderes e cargos públicos e en Administracións Locais que actúan como paladíns da xustiza global, como actores altruístas e solidarios, como mobilizadores de consciencias e activistas pola causa da humanidade e da nosa Terra común.

No século pasado, Vicente Risco chamaba por unha Galicia que fose o mundo enteiro, hoxe desde o Fondo Galego e a Coordinadora Galega de ONGD chamamos por un poder local galego ao que a Humanidade e o Planeta non lle sexan alleos. Porque o mundo non cambiará sen o poder solidario do local.